

**ESTACION
DE DESTINO**

GALLIZA

Consignatario:

Domicilio:

Población:

Provincia

Mercancía:

Remitido por:

Núm. de bultos:

Portes:

40 pesos

Extra tocho de vran

1





Arco da Vella



Nº 2. VRAN DO 81

COORDINOU E EDITOU:
"COLECTIVO ARCO DA VELLA"
Telf. 592074
aptd. 52 de Compostela Galiza

CORREXIRON OS TEXTOS:
Imma e Kique

DESEÑO GRAFICO E MONTAXE:
Pepe Barro e o Colectivo "ARCO DA VELLA"

COMPUXO OS TEXTOS:
"A NOSA TERRA"
Rua da Troia, 10, 1º
Compostela

IMPRENTOU
Sociedade Cooperativa "REPOGRAFIA 1846"
Rua de Alfredo Brañas, 9, baixo, Compostela

IMPRENTARONSE:
1.000 exemplares numerados nº 00720

DISTRIBUCION Autónoma

FIXERON ESTE NUMERO:
Enrique Alvarez (Sociedade Galega de Historia Natural), Maria Balteira, Rosa Bassave e Alberte de Esteban, Xosé Cide Cabido, Sebastián Cobas, O Corsario Negro, Federación Anarcocomunista galega F.E.R., Antón Lamazares, Farruco e Meco Manuel Miragaia, Kique Monteagudo, Modesto, Muni, Manuel Perez Mahia Albino Prada, Quique, A.R. Reixa (Rompenite), Roxos, Joseba Serrainandia, Vétula ... máis o colectivo "ARCO DA VELLA"

DIBUXARON:
Misán, P. Barro, Xulio Gaioso "Lobito".

Compañeiras/os "ARCO DA VELLA" é unha publicación que se autofinancia. Unete ao seu proceso de debate. Apoia á prensa autónoma galega

SUSCRIPCION DE APOIO:
Por catro números : 800 pts. + a vontade.
Envia o importe, e comunicado, a Libreta de Aforro ord. nº 01-319010381-8 Urbana nº 3, Rua das Orfas, 4, Caixa de Aforros de Galicia en Compostela.

DEP. LEGAL:
C-96/1.981

Estamos eiqui de novo, con outro número do "Arco da Vella" e denantes de nada desexamos facer un pequeno balance do que foi o número cero da sua acollida, das críticas que se lle fixeron...

Pois ben, prá nosa sorpresa, os primeiros trescentos exemplares que puxemos na rúa desapareceron en dous días, polo que entendemos que gustou --tanto coma a nós co que cumpríamos o noso primeiro obxectivo: que a "revista", aínda que nacera sen moita forza, fora atrainte e, apartir de eiquí, escomenzar xa --moitos máis que os que formamos este colectivo-- a facer de ela algo grande de contido e prespectivas.

"Frouxa de contido", "recargada"... son as críticas que se repetiron máis veces --noutra parte deste número recollems a única "crítica" que nos chegou por escrito e, loxicamente, unha pequena resposta--.

Reconecemos certa razón en ambas críticas.

En canto ó recargada, saíunos así; pretendemos en todo

momento acadar unha manchea de contrastes así ó intento dunha portada "tosca", contrapúñamos o acabado ata certo punto algo barroco das letras capitulares interiores e do logotipo da portada ás dúas dimensións que por lóxica ten que ter unha revista impresa, engadímoslle a terceira...

No referenté ó contido, inda que nós, non separamos a forma do fondo, pois a lingua utilizada, a maneira de expresar ten moito que ver co discurso expresado. A revista tridimensional, como dixo algún compañeiro (pois tiña longo, ancho e alto) que fixemos, quer decir que á publicación lle engadimos unha nova dimensión inédita que se corresponde cunha imaxe e un lazo máis establecido co lector; que cada revista sexa diferente pois o compañeiro que retallou un boneco, que puxo cores ó noso "A. da Vella"), o lector que abreu o sobre sorpresa participou sin querelo en este proxecto, que citando as nosas palabras "era noso e xa é voso"

O que nos animaba era crearmos algo que tivera perspectivas de futuro e que animara a participar, pro que

coidamos fundamental establecer unha estrutura que recollera todos aqueles apartados que pra nós tiñan interés e que respondían a eidos da vida nos que había xente traballando xa como colectivos, como grupos, organizacións ou a nivel personal; en base a eses apartados, coa xente e puxemos á sua disposición o noso proxecto de revista.

Este novo número considerámolo algo máis interesante, mantendo as distintas seccións que en principio nos consideramos fixas, e que están realizadas na sua maior parte por xente do colectivo, engadimos as distintas aportacións que nos enviastes, así como artigos que pedimos nós a distintos compañeiros. Desexamos que vos sintades algo identificados co novo Arco que hoxe poñemos na rúa e que vos animedes a participar nel mandándonos escritos sobre o que vos preocupa, o que pensades, etc. Só desexamos que a revista recolla as moi dispares preocupacións dos espíritus libres que andan a facer crecer esperanzas pola Nosa Terra.

Saúde e felicidade.



ARUNTE DO NATURAL DO "COLECTIVO" ARCO DA VELLA PEPE BARRO

ANIMAIS

Ainda para calquer persoa non interesada no tema da fauna, é sabido que os animais pasan por momentos críticos; os cazadores poden asimesmo contar como o numero de perdices e demais é moi diferente hoxendia o que se podía atopar nos nosos montes fai tan soio dez anos. Se nos remontamos máis atrás no tempo, atopamos testemuñas coma a do propio Lope de Vega, que na obra "La gallega Mari Hernandez", relata como na Limia uns pastores dan caza a 14 lobos, dez porcos bravos, seis cervos, tres raposos e tres garduñas; unha mostra mais da riqueza faunística no noso país témola no sartego do Conde de Andrade, Fernan Peraz o Bó, sito en Betanzos, onde se

ofrece, los encantos de una fiesta cinegetica. Y por cierto que frecuentemente vienen a estos parajes con tal objeto los oficiales de las escuadras inglesas que visitan el puerto de Vigo".

A mesma toponimia e onomástica, con nomes como Leboeiro, Leborans, Oseira, Niño da Aguiá, Pena da Aguiá, Cervo, Cervantes, etc. mostran un pasado faunístico esplendoroso, ou cando menos moi diferente do actual, ata o punto de que animais coma o oso, o lobo cervical*, a cabra brava, o rebezo, etc. xa foron exterminados da nosa fauna, e outros como a aguiá real da que tan soio quedan tres parellas en toda Galicia ou o gato bravo, armiño, marta, entre outros, poden desaparecer en calquera intre. Vese ben as claras a decadencia de moitas

que sinalar que aqueles lugares non aptos pra vida dos animais silvestres, están a dous pasos de non ser aptos pró home. Pensemos, como exemplo, no que sucede nos ríos que se contaminan, e por tal causa desaparece neles a vida; doado é comprender que esa auga non serve pra usos domésticos e aínda pra usos agrícolas.

Aínda que a protección do noso medio é fundamental pra supervivencia dunha especie, a protección legal e real das especies en perigo é un paso adiante para conseguirmos que a lista de especies que xa foron exterminadas, non sexa engrosada con outras novas.

distritos y jurisdicciones lo tuvieran por conveniente y conducente al logro de mis Reales intenciones y consiguiente beneficio de mis Vasallos, con el conocimiento practico de la situación, clima, costumbres y demas circunstancias particulares de terreno montuoso, llano, temprano o tardío en la cria de la caza".

Na

actual lexislación, os primeiros pasos neste senso témolos na lei de caza do ano 1970 na que se "tenta" protexer as especies de interés científico ou en vías de extinción, as beneficiosas pra agricultura, as femias e crías de todas aquelas que teñan un sinalado valor cinexético e aquelas outras afectadas por convenios internacionais suscritos polo Estado Español.

Esta é a primeira vez que na lexislación española aparece o término "especie en vías de extinción". Aínda que a primeira vez que se protexe dunha forma clara unha serie de vertebrados silvestres foi a finais do ano 1973, ao quedar prohibida a caza, captura, tráfico, comercio e exportación de sete especies de mamíferos, 44 de aves e tres de reptis así como dos seus ovos e crías, xa que a situación na que se atopaban (e siquense atopando) era crítica.

Como cousa curiosa, decir que pouco antes de aparecer este decreto, existía a famosa "Junta de Extinción de Animales Dañinos o Alimañas" que fomentaba e subvencionaba a matanza do que eles consideraban "Alimañas" e que entre os anos 1954 e 1961 foron mortas 24.264 aves rapaces (segundo datos oficiais;

os reais serán bastantes máis). Aves rapaces que son a maioría de esas 44 que máis tarde foron protexidas e que hoxendia se sigue a matar en cacerías e batidas, a pesar de tódalas tintas vertidas para esperar que a súa protección non se quede soio no boletín oficial.

Apareceu en marzo deste ano, un novo decreto que amplía considerablemente a anterior lista de especies protexidas e introduce algúns puntos interesantes canto á obrigación dos taxidemistas, uns dos principais cómplices de todo o problema.

Resultaría

demasiado extenso incluír eiquí a lista completa de todas as especies protexidas, unicamente decir que están case tódalas aves; desgraciadamente non son protexidas nin a Pita do Monte*, trofeo codiciado pola élite dos cazadores, nen o xilgaro, Verderolo ou Pardillo, apreciados polos comerciantes.

Os morcegos, rans e sapos, lagartos e cobregas, entre outros, están asimesmo protexidos; e protexido significa que a súa caza esta castigada pola lei, mais olvidemos a lei e comprendamos que o exterminio dunha especie é unha cousa sobre a que temos que reflexionar. Amáis hai leis que utiliza o estado e leis que non, e esta é unha lei que nunca se lle fixo caso e que está pra contentar a ecoloxistas, defensores da natureza e "tolos" que se pasan do día pensando nos paxaros.

ENRIQUE ALVAREZ
(Sociedade Galega de Historia Natural).

*Lince
*Urogallo



AS LEIS

ven esceas de caza de animais como o oso ou o porco bravo que enton debían ser abundantes e non fai aínda cen anos (1883) Cesareo Rivera na súa obra "Guía de Galicia", cando fala das montañas de Avión na provincia de Ourense dice: "Son muy abundantes en estas montañas los javalies, los corzos, el gato montes, la zorra, las perdices, codornices, chochas, etc., tanto que solamente en el reducido espacio de la parroquia de Cortegazas se han matado en el invierno ultimo once javalies! de suerte que una excursión a estos lugares puede tener, ademas de la novedad que la naturaleza

das nosas especies autóctonas, pro non imos analizar agora as causas do declive da nosa fauna, aínda que podamos apuntar entre outras, as pistas forestais, contaminacións diversas, cámbeos de vexetación, novas urbanizacións, caza, etc.

Todo isto falando unicamente dos grandes mamíferos ou aves, pro na mesma situación atópanse ou pódense atopar os morcegos, lagartos, rans, cobregas e tantas outras entre esas case 450 especies de vertebrados diferentes que habitan na nosa terra.

Os homes están, asimesmo, máis ligados ós animais do que comunmente se pensa, e non podemos pra menos

Un dos primeiros antecedentes oficiais na protección das especies o temos a fins do século XIV cando o Rei Enrique III el Doliente, nas "Ordenanzas" prohibía entre outras cousas "caza en época de cria, fortuna y nieve". Máis adiante, na "Real Cedula" do tres de marzo de 1767, durante o reinado de Carlos III dise "Que la veda absoluta de la caza, en lo general del Reino y todos mis dominios y señorios, sea y se entienda, publique y observe desde el primero de marzo de cada año hasta final de julio, y en los días de fortuna y nieve de los siete meses restantes o por mas tiempo si fuera necesario, o mis intendentes, corregidores y justicieros en sus

ESPERANTO

Non é este un sermón para incrédulos. Non pretendemos argumentar, convencer... simplemente amosar realidades, evidencias. Pra nós a necesidade dunha lingua internacional é unha delas. O esperanto cumpre este papel. Non pretende suprantar as linguas nacionais para substituílas por unha única lingua universal, como erroneamente se creu; pretende simplemente ser unha lingua-ponte que sirva prá comunicación entre as distintas étnias, as distintas colectividadeas nacionais. Tenta ser unha lingua neutral e anti-imperialista que poida ser aceptada libremente por todos, sen ser imposta pola hexemonia económica e militar, como pasa ao longo da historia cos sucesivos impérios. Por outra banda, aínda que minoritaria, o esperanto é unha realidade viva, non un fósil nen unha quimeira dun ghetto. A consolidación do esperanto amósase na súa presenza, ao traveso das distintas organizacións, en cen países; o inmenso número de publicacións só a título de exemplo O Museo Esperantista de Viena (incluído dentro da Biblioteca Nacional Austríaca) acolle 17.721 libros e 3.027 coleccións de revistas. Trátase fundamentalmente de traducións, pero tamén nos atopamos con literatura escrita orixinariamente en esperanto. Así no 1968 publicouse na Laguna unha antoloxía de poesía orixinaria en esperanto, que incluía 90 poetas de 43 países.

Existe tamén unha enorme cantidade de estudos científicos, e dentro do eido musical temos abundantes discos do folklore mundial traducido ao esperanto. Concretamente, no Estado Español, editouse hai pouco unha cassette con cancións galegas, vascas e catalanas. Finalmente a posibilidade de manexar bibliografía imposible de atopar en galego ou en castelán dános unha idea da importancia cultural do Esperanto hoxendia.

Por outra banda, dentro da estrutura organizativa do E., composta

fundamentalmente por dúas organizacións a nivel mundial (U.E.A. e S.A.T.), existen cantidade de grupos de afinidade (feministas, gais, vexetarianos, libertarios, marxistas, radioaficionados, montañeiros,...), asociacións profesionais (músicos, escritores, médicos, filólogos,...) asociacións turísticas.

O E. abre unhas posibilidades inmensas no apaixonante mundo da viaxe. Prós que non se prantexan a viaxe coma eses rebaños de

turistas Xaponeses ou lanquis, cámara ao lombo, que se pasean por Paris nun bus ou nun bote ao traveso do Sena, cun pastor ao micrófono que ordena: Vista a dereita! Nôtre Dame! Vista de frente! Ile de la Cité!

Pra quen viaxar non é simplemente xantar nun restaurante típico, mercar unha postal e un rádio-cassette á

metade de preço; pra quen viaxar non é unha contemplación aséptica da paisaxe, dunhas xentes estrañas que te miran como a un estraño; pra quen o esencial é a comunicación, o intercambio de experiencias... para iso serve o E. Existe unha rede de esperantistas que ofrece aloxamento de balde a todo-os viandantes do mundo. A lista do último ano abrangue 400 enderezos en 50 países. A experiencia de chegar a Amsterdam por exemplo, sen coñecer a ninguen, nen a unha soia palabra da lingua, marcar un número de teléfono ouvir unha voz que che fala nun idioma familiar, concertar unha cita... Prós que a vivimos, esta experiencia vale máis que mil argumentos.

P.D.

Pra calquer contacto podeades dirixirvos á revista

Antolín Faraldo, fillo de Feliciano Vicente Faraldo, absolutista e metido de cheo en todas as argalladas políticas do seu tempo, naceu en Betanzos no 1822 e morre en Granada no 1853, aos 30 anos logo de ter unha vida moi axitada no terreo político.

Denantes de afondar un pouco na xeración do 1846 e máis na vida de Faraldo, imos escomenzar pola situación que vive o Estado español naquelas datas históricas.

En 1º lugar no 1833 ficou consumada a división provincial do Estado, feito que afectou moi directamente a Galicia que foi dividida en 4 provincias, estrutura que aínda hoxe se mantén. En 2º lugar o desacougo que se produce naqueles tempos debido á política "desamortizadora" que deixaba sen tocar as bases de toda a economía tradicional. Atraso industrial que se facía máis evidente pola dependéncia dun empresariado externo

dese-
xoso de
rápidas
ganancias.
Perda de
mercados
próprios, un
dos efectos das malas
relacións entre España
e Portugal, que afectou
ao desenrolo económico
de Galicia e os seus
resultados encetados no
XVIII seguirían vixentes
no XIX.

Por outra banda Compostela non estaba illada, senón que as ideas imperantes en Europa chegaban e se vian misturadas entre a mocidade compostelán e galega. Nunha sociedade que vivía a bandazos entre o liberalismo e o absolutismo, chegan os escritos de Fourier, Sait Simon e outros socialistas utópicos que atopan o seu leito na xeración do 1846.

Mistura de liberalismo, progresismo ou socialismo e ás veces cada unha das tres cousas por separado.

Sobre todo isto instalábase o sentimento galego, a idea de "redención" de Galicia, o traballo diario por rematar cunha situación abafante para o país.

A xeración do 1840-6 é un fato de mozos intelectuais dos cais o

meolo principal está en Compostela aínda que algúns deles traballan noutros lugares de Galicia. Síntense todos vencellados pola idea de Galicia coma un todo unico sen divisións e a necesidade dun cambio a nivel estrutural que lles levara a creación dun movemento "o provincialismo" que será o xerme dun futuro federalismo e autonomismo. Como médio de espallamento das suas ideas era fundamentalmente a prensa e dentro da prensa a literaria. Politicamente máis apegados ao partido liberal progresista que ao conservador, aínda que moitos deles non militen en ningún partido e as suas solucións

políticas van desde o republicanismo a un anarquismo nacente. Na sua maioría pertencían á Academia Literaria creada no 1840, mantendo

correspondéncia con persoeiros doutras partes do Estado. Na Academia tocábanse todo tipo de temas e tiñan un xornal mais ou menos oficial "El Idólatra de Galicia".

Dentro das charlas dadas na Academia no 1842 figuran os seguintes de Faraldo:

a) Todos los hechos de Bonaparte han tenido por objeto la civilización de Europa"
b) Esclavas aún las mujeres la filosofía del S. XIX debe proclamar justa su emancipación"
c) El Tratado del 15 de julio ha sido funesto a la civilización de Asia y a la libertad de Europa",
d) Carlos Fourier y los falangsterios".
Coa lectura dos temas a tratar decatámonos de primeiras da dicotomía ideolóxica e política na que vivían.

Membros da Academia foron Losada Rdguez, Diaz de Robles, Neira de



FARALDO E A XERACION DO 1846

Mosquera, Rdguez Carracido, Valenzuela, Dominguez Izquierdo, Cociña, os irmáns Rúa Figueroa, o poeta Añón, Xaquín Amigo e outros homes que aínda que non pertencen a Academia se vencellan fortemente a esta xeración: Pío Rdguez Terrazo, Presidente da Xunta Central de 1846 e xefe do Partido Progresista en Santiago; Rdguez del Valle colaborador con diñeiro e artigos na prensa do seu tempo; Hipolito Otero, progresista, colaborador monetario e presente en revistas e tamén nos pronunciamentos do seu tempo; Vicetto que se incorpora a "El Porvenir" con colaboracións diversas Xosé Bieito Amado, progresista, de Pontevedra X.R. Lopez de Mondoñedo colaborador en "El Iris de Galicia".

Todos

estes nomes e moitos outros formaron o que se chegou chamar a xeración do 1840-6. Faraldo foi un mozo inqueda, viu a Compostela a encetar estudos universitarios do 1835-8, estuda 1º, 2º e 3º de filosofía; 1838-9, Física Experimental e Física; 1839-40 Anatomía 1840-1 Terapeuta e Língua Griega; 1841-2 obtivo o grao de Bachelier, remata os estudos de medicina que non sabemos con certeza se chegou exercer. Tivo como profesor a D. Xaquín Amigo en 2º de Carreira 1839-40, que dá nos seu programa por 1ª vez unha mancha de temas adicados á xeografía de Galicia. Amigo que foi un home liberal que botou fortes ataques contra homes e institucións do seu tempo, un home peculiar do que Faraldo cicais aprendeu a súa preocupación por Galicia.

Hai unha 1ª etapa en

Faraldo de acumulación sen acougo de coñecementos, unha etapa chea de lecturas ás veces sen orden e sen método, lé a Fourier, Chateaubriand, Donoso Cortes, Drevineau, Lamartine, Saint Simon e moitos outros formándose un rebumbio entre beneficencia e xusticia social escribendo artigos a favor das damas da caridade e chamando a Carlos Fourier o Mesías do S. XIX, rebumbio que veremos con frecuencia en etapas posteriores.

Unha 2ª etapa viria dada pola súa incorporación ao "Recreo Compostelano" no 1842-5 e no 1845 en que dirixe "El Porvenir". Esta 2ª etapa sería de asentamento intelectual do seu tempo.

Unha 3ª etapa que sería xa a da acción revolucionaria do 1846 na que pasa do lápiz a ser voz da protesta armada.

A 4ª e derradeira sería a do regreso do exilio, o seu traballo en "La Europa" en Madrid no que fará constantes referencias a Galicia e a súa morte en Granada.

Faraldo

integrouse desde moi novo a institucións culturais como a Academia Literaria de Santiago que haberían de ser o berce de toda unha nova xeración. Moi aberto ao saber do seu tempo, na Academia participa moi intensamente tanto el coma os seus irmáns, Tiburcio e Xosé, que militaban en campos ideolóxicos moi diferentes. Defenden a igualdade da muller e a súa emancipación unha das ideas máis claras que, que nel vemos reflexadas, ideas revolucionarias neste

tema concreto. Falou sobre Fourier e os Falangsterios entrocándose co socialismo europeo e por outra banda defende a Bonaparte cando condena á Revolución Francesa. Home pois da cabalo entre as distintas correntes ideolóxicas do seu tempo. Vencélase na Academia a Diaz de Robles que xunto con Xaquín Amigo deberon influir fortemente sobre a súa idea de Galicia, escomenza nestes anos a estudar os problemas de Galicia e a sentilos como seus.

No 1843 incorpórase á Diputación Arqueológica Gallega, para esta nova agrupación científica foi elixido presidente Xosé Vereá y Aguilar e segredario Neira de Mosquera figurando Antolín Faraldo como diputado. No 1844 convírtese en Academia Española de Arqueología e Faraldo pasa a ser o seu segredario. Foi membro da Sociedade Filomática de Barcelona. O feito de formar parte destas sociedades e algunha outra, fala do seu valor como intelectual e xornalista e da mesma orientación cultural e científica dos seus traballos.

Unha 2ª etapa sería a de Faraldo como xornalista político. Primeiro desenrola a súa actividade no "Recreo Compostelano", dependendo nel de Neira Mosquera e Nuñez Castaño, aos que admira pero cos que acaba por rachar. O Recreo publicouse nos anos 1842-43, sendo dirixido no primeiro ano por Neira Mosquera traballando Faraldo de redactor, no segundo ano desaparece Faraldo consolidándose a súa dirección en Neira Mosquera.

O seu traballo no Recreo, valeulle para matizar o seu modelo ideolóxico de Galicia. Neste xornal toca temas sobre da Hª de Galicia (idea romántica), Feixoo, estadísticas de

poboación e outros de alcance europeo. Estes traballos seus falan da súa idea globalizadora de Galicia.

Logo dun ano no Recreo pasa a traballar con Pío Terrazo en "La situación de Galicia", amizade que continuará ata o 1846.

Estes "ensaios", serán o limar do que sería a grande forza de Faraldo "El Porvenir", "Revista de la Juventud gallega" que aparece co lema "abajo las reglas, las escuelas y los maestros", lema que non se corresponde na meirande parte das ocasións co contido real da revista moito máis tradicional.

El Porvenir

publicase desde febreiro do 1846 ao 28 de agosto do mesmo ano, sendo acompañado Faraldo na súa fundación polos seus compañeiros Antonio Romero Ortiz e Xosé Rúa Figueroa. "El Recreo Compostelano" centrábase principalmente na actividade literaria, "La Situación de Galicia" na exposición do pensamento progresista do momento, "El Porvenir" será o do provincialismo galego influenciado polas tendencias sociais de Ramón de la Sagra.

No 18 de marzo aparece na revista un artigo de la Sagra, en forma de carta, no que se poñen termos como anarquía no campo da literatura, anarquía política e relixiosa,


chamándose "Nuestra bandera literaria". Publicou amais a resposta de la Sagra a un xornal de Málaga "La Esperanza" no que se facían duras críticas a esta relación nela "El Porvenir" faise partícipe das ideas de la Sagra (17/2/1845) da anarquía literaria, instrución e o liberalismo.

Esta relación de Faraldo e la Sagra verase reflexado no propio ideario político de Faraldo: utópico, reformista, progresista e as veces con toques socialistas.

Os homes de "El Porvenir", dentro das correntes liberais e anarquistas do século xulgaban como moi importante a acción cultural, a instrución, para rematar coa situación galega. "El Porvenir" chegou máis alá cecais sen plena conciencia dos promotores, ao convertírense en certa medida en ferramenta de transformación social e cultural, ao ser o xerme dun novo ideario político "o provincialismo" do que xurdirán novas xeracións federalistas, rexionalistas e galeguistas.

Oe la Sagra,

aínda que non pertence á xeración do 1840-46, fixo de ponte entre dúas xeracións,



No B.O. da provincia do 6/1/1845 din os fundadores de "El Porvenir" que chegan con espírito de tolerancia, sen partidismos, só escluen aos que traigan pretensións políticas e relixiosas pois a lei do 10/4 llo proibe. Os seus redactores fixeron política ideolóxica, pero sen entrar na política de partidos, sendo o seu obxectivo facer chegar á mocidade a problemática galega porque "a medida que Galicia sea mas conocida será más respetada y admirada".

A idea fundamental de Faraldo era a consecución da Grande Obra, idea que faria corpo no provincialismo. A xeración do 1840-46 non foi localista, tentando manter de sempre con órganos de expresión literaria de dentro e fóra da Península. Desde "El Povenir" tiveron relación con outras publicacións de ideoloxía semellante como "El Huracán", "El Espectador", "El Heraldo", "La Postdata" e outros. Tiveron relación máis estreita con "El Genio" do que era director Víctor Balaguer de Barcelona, xornal que se fixo partícipe do artigo "Nuestra bandera literaria".

Logo da sua etapa revolucionaria Faraldo traballa en "La Europa" de Madrid, onde aparece Galicia con frecuencia. Denantes de entrar na revolución do 1846 senalar a importancia para Pio Terrazo e Antolín

Faraldo do seu traballo en "La situación de Galicia", xa que naquelas datas Pio Terrazo estaba en plena actividade política participando no pronunciamento do 1843, topando Faraldo nel o espírito político localista, adifeirado e de posibilidades na política práctica.

1846 é cando Faraldo pode pór en práctica as suas teorías sobre a "Grande Obra". O 5 de abril do 1846 aparece Faraldo como membro da Xunta Revolucionaria xunto con Xosé Bermudez, Ramón Garez, Xesús Taboada e D.N. Pasarín, Xunta preparada nunha cátedra da Universidade onde se efectuou o alistamento dos estudantes. O día 6 de abril o Batallón Literario pasa revista e Faraldo vai de soldado, Cea e Pasarín de tenientes.

O día

15 de abril do 1846 nomea Pio Terrazo a Faraldo como Segredario da "Junta Superior de Gobierno de Galicia". As proclamas serán as do uso en outros pronunciamentos, o que cambia na proclama do 15 de abril é o tono provincialista, pondo a Galicia como protagonista, o seu carácter de rachar ataduras, o seu romanticismo "libertario", chama a Galicia "verdadera colonia de la Corte". O 23 de abril do 1846 remata todo e Faraldo

con outros compañeiros vai ao exilio.

O Manifesto da

Xunta do 15 de abril ten unha vontade democrática frente ao carácter oligárquico dos pronunciamentos ao uso. Artigo 1º: Se declaran nulos todos los actos del Gobierno de Madrid desde el 2 del actual". Hai xa unha separación entre os dirixentes militares e os civís máis radicais. "El pueblo conquistará en esta revolución lo que le han arrebatado los cómicos de los pronunciamientos PAN Y DERECHOS".

O levantamento

iniciase con Solís en Lugo e fracasou porque a burguesía e o estudantado galego eran demasiado febles para soste-los o levantamento. Hai un notable número de civís 63,56 por cen zona urbana e o 34,44 por cen rural; clase alta e media 67,93 e clase baixa 32,07. O levantamento remata o 26 de abril do 1846 co fusilamento de 12 oficiais en Carral.

O Provincialismo

era o nome que tiñan os movementos non centralistas e das comunidades locais frente ao poder central. Xurdiu a raíz da división provincial do 1833. O provincialismo de Faraldo tiña unha base sociolóxica importante e con grande preocupación social. Faraldo usa a propia realidade social galega como punto de partida para a formación do seu

modelo social e político.

Tivo Faraldo a idea de grande cidade nos seus meolos, daí o ollar a Catalunya e Barcelona.

O atraso de Galicia para el foi dinámico, é un proceso de decadencia co que percura o por que no pasado e ao que quere darlle solución na sua utopia no porvir. Un dos motivos do atraso pode ser a escentralización interna (espallamento rural e escaso interés das urbes) xa que a escentralización externa si é beneficiosa, pois lle permitiría desenrolar a Galicia a sua propia vida pública e privada (social e colectiva).

Faraldo

concibe a Galicia coma unha unidade en contra da división administrativa do 1833. Esta visión unitaria de Galicia recollena outros homes, mais el foi o iniciador desta nova etapa. En canto a forma específica de organización política non temos datos precisos, aínda que o seu pensamento aparece vencellado as ideas liberais e anarquistas do seu tempo, e ao igual que estes homes no terreo social envolto en contradicións, por

Bibliografía.

"El Porvenir". Revista de la juventud gallega, 1845. Museo de Pontevedra.
"La Revolución". Abril 1846. Museo de Pontevedra. Enciclopedia Gallega - Faraldo.
La revolución de 1846 - Tettamancy y Gascón, A Cruña, 1909.
Los Precursores - Murguía, A Cruña, 1885.
Hª Literatura Gallega - Vázquez Cuesta.
O libro negro da Galicia electoral - Baldomero Cores Vida y muerte de Faraldo - CEG - Madrid, 1971.
Galicia no espello - Fdez del Riego, Buenos Aires, 1945.
Los Gallegos - Vários, Madrid, 1979.
El Batallón literario - Tettamancy y Gascón, A Cruña. Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo Barreiro Fernández, Compostela 1977.

unha banda defensor da xusticia social e fai loubanza da caridade, cristiano e anticlerical, partidario da anarquía literaria e na práctica unhas escritas dabondo tradicionais.


En tres

aspectos coidamos foi revolucionario Faraldo: na cuestión da emancipación da muller que fica clara nos seus artigos en "El Porvenir" e nas charlas da Academia, un segundo sería na cuestión do ensino universitario no que elixe nidiamente un ensino empírico e experimental que naquel intre non tiña entrada nas aulas da Universidade e un terceiro aspecto na cuestión galega na que el e a sua xeración viron claro a entidade nacional de Galicia e a sua unidade.

Estes

tres aspectos e sobre todo o último, a sua visión de Galicia fixo que foran considerados el e a sua xeración coma os Precursores. En palabras de Murguía foi "o primeiro e o mellor" dos nosos precursores.

ROSA BASSAVE E
ALBERTE DE
ESTEBAN



(Textos orixinais en euskera de JOSEBA SERRIONAINDIA; preso político basco na cadea de Carabanchel, traducidos por XOSE CIDE CABIDO, preso político galego actualmente na cadea de Segovia).

ESPAGNAS

1. cando lauren bacall
se lle acercou
humphrey bogart mirou de esguello
para ver qué deixaba atrás
2. na mañán quieta
do mar o barco roxo
sen velas
sen remos
3. a pátria escóllese
—o a esposa—
ou nola impón a soedade
ou o non poder escoller
4. petan na porta
e non é edgar allan poe
senón o corvo
que repite never more
5. baixo a area da costa do exeo
xacen os ósos do viaxeiro
o seu sangue perdeuse nas ondas
as suas armas oxidáronse na rochas
6. as anchas putas de lisboa
máis que amar entristecen
os vellos hotéis de lisboa
son máis baratos do que a noite
7. corrin ata casa
através das calles desertas
mentres vexo no espello
os meus ollos xa pechos
8. papeis esvaídos de alexandria
follasca no bosco negro
fados de coimbra trouxo
o vento ata o meu portal
9. son os ollos de madeira
da raza cega
mirando a nada
os ollos máis fermosos
10. no oriente xurde o sol
sobre os prados
podes volver a mirada
para ver desaparecer a lua



Óllese a laura e petarcáselle toda
 o dulce mia guerrera
 continuamos para bingo
 os de cristo trinta e tres
 comunismo a destrucción
 ma chi cosa estoupa?
 petrarcar petrarcar petrarcar
 eis a consigna

A. R. REIXA
 (Grupo de comunicación
 por ROMPENTE)



Espero

Espero
 oxe

ocurriusenos (ós maricóns), ¡sí, sí, ós maricóns! saca-lo narís por este ventanuco cachondo do "ARCO" (onde hai comunicación hai alegría). Total, que eiquí estamos con este público maravilloso que tanto nos quer e tanto nos respeta...

Porque eu ós maricas "respétoos moito, a fin de contas, non teñen a culpa de ser así. Non vexo por que hai que marxinalos nin perseguilos; eu coñezo un rapaz que é maricón i é do máis normal. Ben, hai algúns que se emperrechan en da-lo espectáculo e, ás veces, ata se fan un pouco cargantes. Aínda que hai que recoñecer que éses son moi divertidos, son a nota folklórica das festas progres. Claro que mentres non se metan contigo, ás veces, imenudo corte!"

Cecáis algunhas/algúns, (nunca entendín por qué tododiós escribe primeiro o masculino e logo o feminino) á vista de toda esta parrafada pensades que este é un artigo anti-gai máis que un artigo escrito desde o punto de vista da liberación homosexual. Ou, o que sería peor, cecáis haxa outras/os que, non só non pensan iso, senón que se sinten identificados co ata aquí escrito. Normal, como que todas esas

expresións están tiradas das conversas cotidianas de calquera liberado-libertario-rojeras-pasotodo.

É que, como froito da nova moral e tamén, ¿por qué non?, da actividade dos grupos gais, hoxe cáseque toda a xente dese ambiente xa nos "comprende". E o feito de que nos comprenda empeza xa a converterse nun problema. "¿Cómo? —vos diredes— este tío voltouse tolo".

Explicóme a xente que antes nos rexeitaba abertamente agora nos comprende, e iso é positivo. O problema veu cando se estabilizaron nesa "comprensión" concretada nunha actitude dun certo, a veces descarado, proteccionismo paternal. O mesmo sentimento de calquera humano diante do seu conxénera enfermo: a condescendencia para o inferior.

Espero
 heguei

a escoitar en boca dun renombrado intelectual "progre" deste país: "eu non teño nada en contra dos homosexuais, como non o teño en contra dos coxos". (Nótese o simil). Nin que decir ten que eu, diante disto, vinme obrigado a dubidar da sua progresía e da sua

intelectual intelixencia.

¿Qué quero decir con todo isto? Pois moi sinxelo. Que non é iso. Que nin somos enfermos, nin fráxiles volvoretas, nin princesas de charol. Somos xente tan capaz de valerse por sí mesmos coma tío, encanto; que podemos estar tan cachas coma o "increíble Hulk" ou tan escuchimizados como Woody allen (coñecido anti-gai).

Espero
 ue

nos gustan os tíos (sobre todo os que están bós) igual que a outros tíos (tería eu que consideralos anormais e tratar de "comprendelos"?). lles van as mozas, e iso é todo.

Así que, por favor, non nos comprendades, non nos abrades as portas nin non alisedes camiños. De verdade, preferimos cairvos mal, seguir sendo un revulsivo, algo que resulte molesto e leve á xente a cuestionarse a sua propia heterosexualidade. Porque nisto o cuestionamento é tan necesario como no que respecta a calquera outra das estúpidas normas desta estúpida sociedade, na que nos dá ordes e nos putea unha pandilla de estúpidos.

Comprendedes?.

QUIQUE

Espero

ANOROMENAS

Na historia dos movementos pola emancipación total estamos acostumados a recibir provocacións e farsantes procesos, dos gobernos de turno, pra falsexar, desprestixiando a súa verdadeira imaxe cara a poboación, tentando así a súa marxinação social.

Hoxendia ao Estado lle é moi fácil a utilización dos seus medios de des-información (léase TV, rádio, prensa), os chamados mass-medias, para terxiversar os feitos, para reducir aos termos peiorativos que, podiamos calificar máis baixos aos movementos populares de liberación, chatándoos de delinquentes comúns, bandas de drogaditos, asesinos vulgares, terroristas, etc., acadando así que a poboación en xeral colabore cos seus aparellos represivos, convertíndoa na súa confidente e sobornándoa con prêmios (en cartos) como se se tratase de caza-recompensas. Mais o que nunca dí o sistema é que estes medios de manipulación son

proceso e asesinato de Sacco e Vanzetti, os extranos atentados dos GAR o atentado da Piazza Fontana de Milano, o Caso Scala de Barcelona, etc.

Aínda son máis recentes no tempo (xaneiro do 78) as declaracións do "caza anarquistas" Sr. Martín Villa cando daquela era "ministro del Interior" da UCD e decia velar pola convivencia pacífica da democracia, esquencendo ben axiña o seu pasado fascista nos aparellos do "Movimento" franquista, cando, con ocasión do incendio da sala de festas Scala de Barcelona, pretendían cargarlle o morto á CNT e ao movemento libertario catalán.

Pois ben, agora resulta que con ocasión do asalto ao Banco Central e estando aínda fresquiño o golpe de estado do 23 de Febreiro, do cal as consecuencias todas e todos ollamos e vivimos a cotío co aumento progresivo do estado-psiquiátrico-represivo nesta demo-ditadura-blanda ao Mercado Común-RFA e sobre isto aínda nos gustaría pasar ao papel o que as nosas testas cabilaron e cabilan, coidamos que non é este o intre idóneo e esperamos que noutra millorada o

Banco Central da Plaza de Catalunya de Barcelona, onde hai 200 ou 250 persoas secuestradas por uns individuos que din que son "Guardias Civiles" dos que asaltaron o "Congreso de los Diputados" de Madrid o 23 - de - Febreiro. Mais resulta que despois do heroico, tamén asalto, dos GEOS (Grupo Especial de Operaciones de la Policía Nacional ou se se quer sinxelamente: Anti-terroristas), ao homes de HARRISON, cando de milagro alí non houbo unha carnicería... Pois resulta que o "ministro del Interior" da UCD Sr. Rosón (nesta ocasión non era o da Xunta, senón o antigo Gobernador Civil de Madrid, tamén casualidade de casualidades), o "secretario de estado para la información", o Mando unificado policial do suceso e despois a prensa burguesa que se encargou de difundila, din que os asaltantes ao Banco Central non eran Guardias Civiles, nin de extrema dereita, aínda que podían ser afíns... Que os membros do Comando "Grupo 80" son ANARQUISTAS, "CHORIZOS" E MACARRAS... QUE PODRIA SER DE FILIACION ANARCO-SINDICALISTA, etc.

De novo nos encontramos

neste facioso asunto. De novo a man negra do Estado tenta falsexar ante a opinión pública a verdadeira imaxe das ideas libertarias.

Baixo que ética e moral anarquista algún libertario pode secuestrar a 250 persoas?, que a fin de contas o único que son, son uns escravos do sistema.



Pero resulta que para o Goberno non hai ética e moral que valga. O moviemento anti-autoritario e libertario está aí. Hoxe minoritario, escindido ou con problemas entre tendencias diferentes mais non opostas... Pero sempre abrindo novas formas de expresar as múltiples facetas do libertario, con novas e vellas formas de loita antiautoritaria na sociedade da técnica e do consumo.

CANDO SE MOLESTA, NON UTILIZANDO AS MESMAS ARMAS VIOLENTAS QUE O ESTADO. Cando hai que danar, porque se descubren as suxas xogadas do poder que corrompe. Cando hai que desacreditar ante a xente e destruír, calquer medio é válido pra conquistar esos fins.

Mais resulta que os anarquistas, que as amplas formas de expresión do libertario, non son terrorismo.



Que apesares das calúnias de Lombroso non somos criminales desde que nacemos, por natureza.

Por que resulta que o denominado nº 1 do asalto ao Banco Central non é anarquista, nin o foi nunca na súa vida.


Por que resulta que Juan José MARTINEZ GOMEZ, "El Rubio", é un coñecido "caza anarquistas", un confidente da policía que agora lle sae un ran.

Por que resulta que no local da CNT da Cruña existe un cartel dos Grupos Autonomos Libertarios (GAL) de dito individuo advertindo que se trata dun infiltrado e delator. Asegún outras fontes de compañeiros libertarios, tamén foi un dos delatores e responsables da caída dos membros do ERAT (Ejército Revolucionario de Apoyo aos trabajadores); da caída dos Grupos Autonomos Libertarios de Madrid e da detención dos anarquistas: Agustin Rueda (mais tarde asesinado a paos na cadea de Carabanchel) e do seu compañeiro Fernando Simon.

Por que resulta que o dilema é fácil: SOCIALISMO ou BARBARIE, mais ELES preferen sempre a Barbárie. Por algo será.

A bon entendedor: saúde!

FAG
(Federación Anarco-comunista Galega)



poidamos facer ou o fagan por nós outros compañeiros-amigos-lectores. Bon, despois do inciso continuamos. Estabamos no 23 - de - Maio (casualidade de casualidades...) no

ante un intento de implicar ao movemento libertario

pura e chamente **TERRORISMO INFORMATIVO.**

Ainda non se esquenceron as montaxes e farsas da "Mano Negra", o



A COMETA



chegou o bó tempo e con el, as andadas polo campo, o tomar o sol, ir de troula. A xentiña síntese con ganas de vivir i e moito máis comunicativa, comparte millor todas as cousas, hai un ambiente máis festeiro e lúcido.

Nesta hora ocurríusenos explicar como se fai algo tan sinxelo que nos proporcione ratos agradables e felices, como A COMETA, con ela poñerémos en contacto coa natureza, aprenderemos a utilizar o vento acariñándonos a face i en harmonia co médio voaremos deica o ceo, envolvéndonos na maravilla do xogo e dos espácios abertos, disfrutando desas tardiñas de vran.

A FABRICALA!
Imos xa que logo construír a cometa, para isto necesitaremos "papel de cometa" e

duas varillas de madeira seca de piñeiro, de 6x18 m/m de sección e 1200 m/m de lonxitude. Colocanse estas varillas na posición da fig. chantadas cun craviño enxel e atadas solidamente con bramante no ponto de cruce. Logo uniremos os catro extremos das varillas


por médio dun fio teso e untaremos os nós con

goma para que non se desprendan.

A continuación pegaremos o papel que se necesite para cubrir o armazón, cortando papel de xeito que


sobresaia do borde por todos os lados uns 10 m/m do fio. Aplicaremos tamén ao borde saínte do papel e o pegaremos dobrando sobre o fio.

Para que a cometa fique combada (así tén máis estabilidade de




RESOBERBIAN CIA CIBABAN A MILI

voo) atamos aos extremos da varilla transversal un fio resistente e o tensamos de xeito que dobre un pouco a madeira. Atamos logo a cada extremo das varillas cadanseu cordón, sempre de febras naturais en harmonía co médio, de 1,5 m de lonxitude e unimos os catro cordóns nun nó.




Este nó debe cadrar exactamente sobre o punto de cruce das varillas cando coloquemos a cometa horizontal no chan coa concavidade cara abaixo. Ao erguela sosténdoa polo nó, veremos que está en perfecto equilibrio. Atamos fortemente ao nó o cordel da cometa, que deberá medir como mínimo 200 m e ten de ser o máis lixeiro e resistente posible.



PINTAMA DE COORES! Nunha cometa combada non é totalmente necesaria a cola, pero dálle máis estabilidade i é moito máis linda coas coores do "ARCO DA VELLA". Para confeccionar a cola necesitamos un cordel

de 6 a 8 m de longo e uns cantos feixes de papel de seda de coor, que cortaremos en fitas duns 30 cm de lonxitude e 1 cm de ancho. Encetando polo extremo do cordel, ataremos nel as tiras, reunidas en pequenas madas, de xeito que resulte unha cola tépeda, atándoa ao extremo inferior da cometa.

A VOAR! Antes de poñela a voar, temos de saber a dirección do vento, para iso a maneira máis sinxela consiste en mollar con cuspe o dedo matapiollos e poñelo ollando cara o ceo, da banda onde estexa máis frío, daí virá o vento.



Unha persoa ten da cometa ergueita colléndoa polo extremo inferior de xeito que a concavidade estexa de costas ao vento. Na mesma dirección e a unha distancia de 30 m máis ou menos, sitúase a segunda persoa co carrete no que está envolteito o cordón. A cometa debe ser botada cun lixeiro pulo cara arriba no mesmo intre en que o compañeiro que tén do fio bote a correr en dirección contraria ao vento. Se a cometa se eleva correctamente, pódese ir ceibando o fio amodiño e finalmente deter a carreira e a **DISFRUTAR QUE SON DOUS DIAS!**

Necesitas:
Papel de cometa
2 varillas de piñeiro
1 craviño de cristaleiro
fio de bramante
goma de pegar
200 e tal m. de cordel

O CORSARIO NEGRO

De como se pode tentar tomar o pelo ós guardiáns do Estdo, e pasar de mili.

A mellor

loita que se pode levar contra do exército é sen dúbida extendendo a conciencia antimilitarista.

A loita contra do Servicio Militar, é recente e podemos decir que aínda ten que començar no noso país.

Os métodos máis seguidos para librarse de facer a mili, os cais-podes ti tamén seguir para non facela, son:

-Tentar librarse alegando algunha das razóns que figuran no Código do Servico Militar pra poder non facela, tais como: fillo de viúda, pais maoires de 65 anos, etc.

-Ou haberás de ter en conta que a burocracia militar vaiche por corenta mil escusas para que non podas librar. Despois de vencer isto, terás que amañar un feixe de papelotes e

certificados. Investigaranche a tua vida de pe a pa e como te pesquen nalgunha falsedade caerán sobre ti e meterante no cuartel decontado. Se o teu expediente consegue pasar daranche unha prórroga e agardarás un ou dos anos pra voltares a amañar todo outra vez... e así deica que che den a mili por feita.

-Tamén poderás librar de dela alegando algunha enfermidade que teñas ou, non téndoa, que non se poda demostrar o contrario.

Poderás igualmente producir algunha enfermidade momentánea sen ningún tipo de perigo. En calquera dos casos hai un amplo repertório de enfermidades, desde os pés planos, a visión defectuosa tuberculose, úlcera de estómago, estreito de hombros, baixa estatura, epilepsia, pasares por tolo, xordo,...

D eclárase

obxetor de conciencia, ben sexa totalmente ou só parcialmente. De acordo ca Constitución do 78, pódeste declarar obxetor de conciencia antes de te incorporares a filas, é decir, no intre en que te chamen, co cal teñen que largarte para a casa ata que entre en vigor o Estatuto da Obxeción de Conciencia e teñas que facer un

servicio civil. No caso da obxeción total seguirás o rolo anterior e á hora de faceres o servicio militar coma o civil e procedendo a entregar a cartilla militar se é que aínda a tes ti.

A

insumición total terá de ser prantexada

no seu momento, e asumida colectivamente, e non só individualmente, pra evitardes penas fortes.

E por

último o sistema que sempre da resultado: ENCHUFES.

Seria interesante que os que tivérades unha experiencia que contar sobre a forma de librar da mili nola enviáredes pra publicar.



MEMORIAS DE ANTONIO

Unha assemblea no instituto. Ti fostes coma un máis, mais con distinta intención. En todo caso, estivestes coma outro calquera, cicais máis atento que os demais esa vez. Aínda que non era o tema que se debatía o que máis che interesara, fixabas mentalmente polo que defendían os axitadores as posicións políticas de cada un deles, que se reflexaban nidiamente nos argumentos dos seis ou oito de sempre, e que ti coñecías moi, ben, de sobra. O tema era en realidade sempre o mesmo, pero ata tiña certo interés observar as matizacións de cadaquén segundo a ocasión ou a oportunidade. Daquela, falábase da selectividade, da amnistía, da represión; podía recurrir no último caso para provocar desordes aos mortos que caían abatidos a cotío nas ruas de tantas cidades-Vitória, Málaga, Santa Cruz de Tenerife, os suspensos masivos, importantes mobilizacións de masas-As Encrobas, Xove, Baldaio (eses eran os feitos), algunha gamberrada do Director ou unha chaladura dun profesor carca, en fin, unha xornada de loita ou loito por algo.

encontrar, a la vista de las posiciones de Milies sobre el ex campeón mundial.



1.
2.
3.
4.



13.

CONCLUSION



Sempre che fascinou aquél xogo dialéctico da assemblea, tan adeprendido, por veces lembrábaches unha partida dun xedrez regulado, tumultuoso e desordenado.

Gostábache tanto o xedrez! Ao que naqué! preciso intre falaba coñecéralo casualmente como extraordinario xedrecista. E que maravilloso orador! Era o millor, sen ningunha dúbida, ata facia brillar os ollos a todos coa súa verba provocativa.

Agora mesmo a xente lle aplaudia, estábaos engaiolando a todos, e ti mesmo tivestes que facer un certo esforzo para lembrares que non podías estar de acordo, que mentia, que non lle debías facer caso. E iso que non era dos "chacais", a pesar da forza conmovente e movilizadora que despendían os seus belos razamentos e a pulcra argumentación. Ti non te podías deixar enganar, a mais coñecíalo moi ben do taboleiro, abraiabáste pensando que aquela mentalidade suersiva fora a raíña de tantos peóns. Vias que a xente non resistía coma ti ao engado daquelas verbas milagreiras e esperanzadoras, e tragabas chuspe para non develalo publicamente, descubriilo perante toda aquela multitude que estaba conquistando. Querías crer que finxía, necesitabas xuzgalo aínda máis abxecto que ti. Mais non podías berrar dunha vez que todo aquilo era falso, que estaban a ser enganados por un impostor.

Brillante traballo o seu, conseguiu o paro e que saían en manifestación, controlando á vez aos elementos máis radicais. Tiña madeira. O peor era para ti, que estabas farto de paros, que só estabas ali para estudar, como debían estar todos. A xente é preguiceira e logo protesta. Odiáballo por iso, por arrastrar a esa chusma, ou máis aínda, por ser máis intelixente, estar máis convencido, por ter a razón. De súpeto, saís da tua perdida meditación, cabeceas, érgueste do



teu asento e pensas que ti non fostes ali escoitar razóns, é que és moi curioso.

Agora está bailando aí, diante tua, na pista, alucina coas luces, alucina coa música.

Eléctrico, os seus movementos son calafrios ou espasmos, berros corporais, ata brinca, o cabrón. E ti estás observando desde afora atento, cansándote de fitalo, parado, cun cubata na man, axexando. Coñac con Coca-Cola, coma sempre. Nin abaneas o pe a pesar do desmadre imperante e máis o frenesi da música. Será porque estás farto, non che van nada as discotecas etodas as noites ali. Só por el, verdadeiro marchoso. Empezas a estar farto del, de todos os sítios-antros que frecuenta, do tal que camiña —se aínda andara amodo!—, de velo, seguido seguíndoo, de saber onde vive o seu número de teléfono a matrícula do seu coche e máis a matrícula do seu coche se coche tivese, e a marca, a cor, de velo seguido, de teres que velo seguido, de controláreslle amistades e máis relacións, de estudalo, nome procedencia, profesión, actividades e ideoloxía, pensar sempre nel. Ben se ve que nos ollos che brillan o ódio e envexa, a xenreira, a admiración, o noxo. Teste que manter sereo, non se che pode suar o alcohol á cabeza.

PROXIMO NUMERO

de los diagramas, las jugadas de la partida hallar las mejores continuaciones para las blancas, respectivos, pues son los momentos culminantes para el triunfo




9.
10.
11.
12.



El baila sen parar, hoxe veu colocado, o cabrón, máis que de costume. Tragas a grolos o cubata. O presuposto non dá para máis, pequenos e distanciados chopiños. Estás a pensar que estás fartos do carallo de cubata de coñac, un líquido que resulta escuro e extrañamente borbollante. Lembras as suas bebidas, Wodka con laranxa, gin kas ou tónico, corentetrés con Coca-Cola, se pode un Jhonny Walker. Miras o vaso que deixou antes de sair á pista, Wodka, mais hoxe non está só baixo efectos do alcohol, notaste os seus movementos, millor, "as movidas", varias veces ao vater, tardando demais, o brillo dos ollos e o sorriso perdido, a face eufórica non alcoólica, como ficou fitando algo vago no infinito, a máis, estaba moi falador. Cando estaba sentado, movía a testa e os pés e de cando en cando pechaba os ollos, sen se enteirar moi ben nin coordinar. Isto era unha novidade, habia que informarse, resultaba difícil crer que el, o activista, caira en vicios do que el mesmo chamaria —repasaste mentalmente o estrafaláριο termo— lumpemproletariado, que palabras inventan estes, será para que ninguén os entenda.

Sempre asi, ti e el, todos os días desde hai tantos anos!

O que máis che amolaba era o el non saber o teu axexo, aínda que sabias que nunca debería darse conta del.



Tes que apreixalo.
 Xa non che chega o
 lento destilar interno e
 anterior da tua
 xenreira-a-adminración.
 Tes que telo entre as
 mans para esmagalo
 coma un escarabello.
 Telo indefenso perante
 o teu pavoroso ódio. E
 podes, sabes que podes,
 a máis, é a única saída.
 Só pensar que o tes que
 topar en calquera sítio
 rínchache os dentes e
 alporízaste de puro
 terror. Maxínate, ti
 sentado tranquilamente
 nun bar e el aparece
 pola porta cheo de vida
 e libertade,
 ignorándoches, coma
 sempre, sen siquera
 reparar en ti. Tes que
 apartar o horror que
 che roe día a día, a
 cotío desde hai tanto
 tempo. Destruilo. E o
 único que libertara a tua
 mente de tan abraiante
 escravitude. A
 derradeira persecución.

Haino que planear
 ben, agardarás se fai
 falla entre estas catro
 paredes todo o tempo
 preciso. Finxir un
 encontro casual, falar
 do xedrez e lialo a unha
 partida. Como sexa.
 Non quedarán del nin
 os residuos, xa verás. Aí
 o vai, atención!

Entra na casa de
 sempre, terás que
 agardar un par de horas,
 polo menos. Entras no
 bar de enfrente e
 dispóste a agardar. Pides
 un café, sacas a
 "Fendetestas" do peto
 do gabán e poste a facer
 o Damero Maldito. De
 vagar, pouco a pouco,
 pasa o tempo e vas
 enchendo o Damero. O
 de hoxe é difícil. Duas
 horas con el e ese
 mamón non dá saído:
 Coudel de xente de
 guerra, empeza por ad-
 e remata en -de, telo na
 punta da língua. A
 cafetería vaise
 valeirando e como non
 saia dunha puta vez,
 vanche acabar botando
 —Pranta herbácea,
 medicinal, de familia
 das solanáceas,
 naturalizada no país,
 dez letras, empeza por
 es- e remata en -nio,
 pero que hóstias o tipo
 este, ben podía pór
 cousas máis normalíñas.
 E leva tres horas. Non
 me dá saído, non dá
 saído e banche botar do
 café, no que está xa só,
 o camareiro recollendo,
 unha vella de mandil e
 ollos cansos barre moi
 de vagar.




Fóra do café, aínda agardas pasenado un pouco pola aceira. Que estará á facer?

Enfríanche os pés e píngache o nariz, pero és un bo can de presa, dos que agarda todo o tempo que compre e logo non soltan a peza de entre os dentes ata que llo ordena o amo.

Por fin! Aí o está. Vas detrás del, dá varias voltas e colle polo calexón escuro do Pexego. Aminora o paso, ti tamén. Non se ve nada, así que te demoras un anaquiño antes de entrar. Cando te adentes, xa non se escoitan nin as suas pasadas. Escuridade e silencio. Camiñas lixeiro, ao fondo vese unha estrada deserta, apuras máis, e ao chegares á estrada, un coche pasa a toda velocidade deslumbrándoches cos holóxenos, ronzándoches o gabán, e pérdese de vista, aló lonxe, na escuridade.

Aquela partida estaba resultando a millor, Siciliana. Ti negra, el brancas. Duas horas levabades xa con ela, cada vez máis reconcentrados planeando bos ataques que parecían definitivos mais que sempre resultaban ben defendidos. A iniciativa pasara dunha a outra man defendidos.



A iniciativa pasara dunha a outra man en varias ocasións. lache penetrando máis e máis fondo o temor de perdela, non podías perder. Os dous sabíades que non podíades perder esa partida, que era moito máis que unha partida. El pensativo e sério, estantio e completamente perdido nas suas xeométricas elucubracións. Ti, febril e descomposto, mesmo agresivo-coas negras!. Tiñas montados varios aparatosos ataques, aparentemente, mais só aparentemente, fatais, que setopaban indefectiblemente coa sua firme e rexa defensa. Mentres se defendía deles, imperceptibelmente ia gañando terreo.

Amodiño, bebes un chocho de Porto-estabas na sua casa, na tua non se concebiría o Porto, que sabías ti de gustos?. Enter grolo e grolo, estudas unha entrega de alfil que che permitiría unha millora de posición, un tanto apertada por culpa dos arriscadores e mal prantexados ataques, demasiado precipitados. Despois, fica aberta a liña da torre e o seu enroque verase indefenso-un enroque indefenso é o acougo convertido en abafante trampa. Acender un Fortuna para calibrares ben a situación e as posibilidades. Está un pouco amolado, deuse conta da tua xogada: non ten máis remedio que aceptar o teu alfil negro. Bótase un pouco de Porto no vaso, incorpórase e fita o taboleiro de lonxe, desde varios ángulos e a diferentes distancias. Parece como absorto. Párase fixándose un pouco en ti con ollar indefinido. Vaise.

E ti, qué tiñas pensado xogar? Mellor, porqué se vai? ou en último caso, qué fas ti aí, sentado so diante dun taboleiro de xedrez, aparvado e impasíbel?. O primeiro, un pulo de correres detrás del, inmediatamente refreado. Logo, considerares a tua absurda situación. De arrepente, o taboleiro carecia de senso algun, a posición das fichas xa non significaba absolutamente nada. De que valía agora tanto



P4R, P4AD, C3AR, C3AD,...? Mirabas para a porta, agardando que voltara. Reparaste na habitación. Nunca estiveras ali. A desculpa do xedrez para entrares na súa casa. Porqué gañarás?. Para qué? Porqué se foi el? Para qué estás tia ali? El non dá voltado, debeu de marchar da casa. Remiras a habitación.

Era a ocasión, tan agardada e tan inesperadamente servida en bandeixa.

Comprobas que marchou, en efecto, da casa-Estará desequilibrado, venche coma unha oleada de refrescante perversión, de tola e embriagadora, de orgasmante perversión incontrolable. Será da vida de dexenerado que leva ou tanta preocupación pola política. E ti gañarás, corpo san en mente san, que satisfacción!. Non tivo máis remedio que recoñecer a súa derrota, gañáraslles de todo. Xa ti sabías desde o principio que a súa mente corrupta non resistiría os embates da tua fortaleza, e, queréndoo, traducías a tua vitoria ao eido da política, da moral, da ideoloxía, e, sobretudo, ao da tua sofrida vida de gusano perseguidor incansable.

Poder dunha vez satisfacer a tua corroída curiosidade, iso si que era bo... non sabías por onde empezar.


Finalmente, decidíste a abrir con coidado o caixón da mesiña.

Unhas fotos, algunhas de familia, outras de amigos, excursións, infancia, de manifestacións, as típicas das mozas, na praia, de camping, no monte. Grabástelas ben grabadiñas no cerebro, unha a unha. Sigues remexendo, un Smoking... boh! pechas o caixón e vaste ao armáριο... pouca e pobre roupa, pantalóns de pana e vaqueiros, un gabán dos antigos... repasa os seus libros, pero deseguida os abandonas, Manuel Antón e non sei canta literatura galega máis, paparruchas, JoYse ou algo asi, un tal Beqet -debe ser frances-, que raro, literatura mística... Sta. Teresa! -que lle verá o tio este



a esa xente?. Algo te volta a chamar ao armário, si, debaixo das mantas, hai algo..., algo raro... interesante. Apartas as mantas violentamene, como levado do demo, POR FIN!, o descubrimento, a revelación. Súpeto, sintes abrir a porta da casa. Ficas alporizado, mirando sen saberes para onde e pensando nin sabendo en que. Ordenas freneticamente o armário, pechando velozmente a porta. Oense os pasos cada vez máis perto e ti, tremendo, por disimulares, por faceres algo, colles o vaso do Porto e daste conta demasiado tarde de que termas da chave do armário na man. El entra con sorriso burlón, como quen o sabe todo, diríxese ao taboleiro, entrega con movemento elegante a súa raíña branca e anúncia:
—XAQUE MATE EN TRES XOGADAS!!!!

A palidez anégache o corpo e a alme completamente. Cáenseche o vaso e máis a chave ao mesmo tempo enriba do taboleiro. O vaso escacha e todo o líquido escorrega polo taboleiro, derrubando precisamente o teu Rei, o fodido do Rei Negro. Mira a chave con aceno complacido. Atrevésache coa mirada demoradamente, de vagar, con rictus de



desprécio- Non ódio,
 moito peor, desprécio.
 Estás collido e fundido,
 ninéz capaz de tatear
 unha mirada disuasória,
 non és quen de
 discuparte. Estas
 descuberto ti, ti és o
 descuberto. Porque
 teimastes vir á sua casa?
 Tiñas que coñecela,
 era o único que lle
 faltaba del por coñecer
 e rexistrar. Que horror,
 sabelo todo del e non
 coñecer o máis íntimo
 lugar da sua existéncia,
 remexer nos seus
 desexados obxectos, a
 placer, a gusto, sen
 que ninguén che vira!.

Confiabas demais
 nas tuas cualidades de
 axedrecista, colega. De
 nada che valeu tanta
 práctica esforzada só
 para vecérela esa vez.
 Perdeuche a ansiedade.
 E agora?. Fuxir, fuxir
 dali a toda avelocidade,
 e canto daban os teus
 folgos. Non volver a
 velo nunca, nunca. Xa
 foran demasiados días e
 anos esculcando os seus
 pasos, axexando os seus
 acenos, anotando as
 suas horas e máis os
 seus sítios, cheirando
 as suas pegadas,
 estudándoo, odiándoo
 apaixonadamente
 necesitándoo
 necesariamente. Querias
 somente coñecelo
 porque só o que se
 coñece se ama, e só o
 que se ama é o que se
 pode destruir.

KIQUE
 MONTEAGUDO R.

Spaskey (Montilla, 1978). Encontrar, a la vista de las posiciones
 diagramas 5, 6, 7 y 8, antes de pasar a los siguientes res
 de Miles sobre el ex campeón mundial.

SOLUCION



1.
2.
3.
4.

5.
6.
7.
8.



CONSIDERACIONES PRA UN DEBATE

A aparición en Galicia dunha nova revista "ARCO DA VELLA" que se reclama do ámbito libertario, así como o debate a todos os niveis que se pode xerar ao seu arredor, invítame a expor unha serie de puntos de vista que se asemella comez a confrontar con outras experiencias e teorizacións na hoxe cativa area radical galega.

Por unha banda, prantexo a inmediata necesidade de encetar unha discusión encol das "necesidades reais do movemento radical galego" que máis en diante exporei con algo de amplitude e por outra, unha serie de críticas en forma e fondo á revista-espectáculo que editástedes e que tan boa aceptación parece que tivo no seu número inicial.

O simple lector-consumidor pode que a chegar aquí vire a páxina, coidando —atinadamente— que topou cun deses teóricos que gustan de falar do proletariado, aproveitando a mínima oportunidade para soltar o rolo. Non se equivoca, non, o amable elevado lector-consumidor. Non, non vou falar dos neorrománticos, dos pop, nin de cine ou literatura. Vou pretender falar de política —si, iso que está tan de moda— desde aquí —Galicia, e para aquí. Dunha puta vez, ou por enésima vez, imos tentar de encetar un debate encol dun tema tan concreto e tan interesante como pode ser o momento de conciencia de clase hoxe e máis aquí —repito—, as experiencias acumuladas polo

movimento acolá —volvo a repetir—, ou onde nos encontramos hoxe canto a nivel de teorización e concienciación, etc.

Temas todos eles que escapan do brillo atraínte da información-consumo, dos grandes circuitos da información e máis dos que coidan á "proletariedade" absorvida polo sistema.

Estas liñas pois, non van para "progres desenganados", nin para lectores-sanguesugas. Estas páxinas van para aqueles que se esforzan de forma activa —comez a redundancia— na loita teórico-práctica dentro do movemento —movemento que no seu intre haberá que definir e acoutar— ondos que simplemente se mostran "afastados da complicidade do sistema".

Compre abrimos un debate se a médio prazo queremos poder manter un nivel de intervención —teórico

e máis práctico— en estreita relación coa realidade. Compre enmarcarnos e máis concretarnos todas esas opinións e problemas que distintos círculos e máis individuos están a expor e a prantexar en diversas áreas xeográficas pero que se centran sempre nos problemas que os antagonismos de clase provocan. Nós imos tentar encadrar este debate xeralizado xeográficamente, ás particularidades da nación galega porque simplemente vivimos aquí e máis porque este cómaro de particularidades é tan complexo e completo, que é merecente de recibir resposta de carácter autónomo.

Cicais haxa que facer unha derradeira aclaración a aqueles que se preguntan quen somos nós para

definirmos as necesidades do movemento radical, que "autoridade moral" nos avala etc.

Sinxelamente

nós somos os que apostamos, hai xa bastante tempo, por unha sociedade máis racional, máis ceibe e máis xusta. Somos os que coidamos que para acadar esa sociedade necesitamos dunha ferramenta teórica dabondo resistente aos distintos avatares da loita de clases; esa ferramenta é o marxismo, o marxismo desde unha interpretación libertaria, ou millor desde unha interpretación que se confronta a cotío coa realidade e pretende non utilizar esquemas rípidos que aplicar sobre ela.

Por iso, somos os que nos opomos todo tipo de xerarquía,

á burocracia, aos intermediarios da clase obreira (partidos leninistas, sindicatos) e máis á democracia burguesa.

Somos os que nos opomos ao Estado-crise, a o tardocapitalismo, á tecnoburocracia. De máis a máis, para rematarmos, quen nos pode impedir falarmos do que a nós mesmos atinxe.

Sen máis verbas, imos tentar definir —baixo o noso punto de vista— o primeiro apartado:

Necesidades reais do movemento radical galego.

Esas necesidades xiran por volta de dous eixos de debate. Un deles referido, en principio, a necesidade interna —sinais de identidade— do movemento, á recuperación e valoración da súa historia, dos seus logros e máis dos seus fracasos. Trataríase de recuperarmos, ou millor, teorizarmos encol dunha serie de actuacións nestes últimos anos que hai que asumir dunha forma clara e decidida. E decir, recuperarmos o tempo perdido canto á nosa composición interna, tentar conseguir a propia recomposición ata logramos a estreita relación coa práctica concreta de loita de clases.

Outro eixo, ten tamén en principio en relación co devandito, un carácter máis externo, máis só, repito, en principio. Trátase da análise dos mecanismos de control económico



que utiliza o poder. Trátase de non esquecer de levar ao cume da problemática, a formidable máquina de antagonismos: a economía, a produción. Esquecer isto é esquecer todo; é cair nas paxoladas, en xeralizacións, marxinalidade e o pasotismo.

Tendo

en conta estes dous eixos, atrevome a suxerir algúns aspectos concretos:

1º) Constatar o feito da desfeita de militantes nos últimos anos do asentamento do estado democrático-burgues. Paso dunha categoría de grande politización e con concienciación aparente da clase na forma Estado transición, a outra no que os mecanismos económicos adquiren unha importancia decisiva, máis clara e, xa que logo, onde os movementos políticos están máis carregados de contido: trátase da forma Estado-criese.

E neste intre, cando o capital aperta de novo as súas tararelas, forza e mesmo paraliza o movemento que xa se rebordaba. Coincidindo coa reestruturación do capital, unha importante masa de militantes ou simpatizantes activos, abandona a loita e refúxiase no chamando "desencanto" Albíscase xa un proceso dialéctico interesante.

2º) O desengano da militancia obreira prodúcese por un enfoque non dialéctico da situación. Ninguén tivo en

conta que o cambio político que se producía atinxía unicamente a forma e non ao fondo. Era o cume do proceso esfarelador da autarquía franquista, dos esquemas conómicos de principios de século, dos terceiro-mundistas plans de desenvolvemento e dos tecnócratas opusdeistas.

A presión multinacional, sectores da banca moderna, tecnócratas de novo forro, optiñan para si —con retraso— a maquinaria do goberno e máis o control da produción. A crise, providencial, do petróleo e a cada vez máis inaturable situación política na rua e máis na empresa catapultan ao cume a estes expertos xestores da economía capitalista.

O que non pasa de ser, na forma, un cambio de sistema político, e no fondo, unha reestruturación económica, convírtese para a clase, nunha hecatombe. PSOE, PCE e máis os sindicatos foron e son elementos imprescindibles da regulación do novo réxime e do aniquilamento dos órganos de defensa e ataque

dos que se dotara a propia clase.

Isto é así e en consecuencia, esixíranse contas.

De todos xeitos, decir agora que son os partidos estatalistas obreiros clásicos os principais causantes da non consecución do que entón algúns coidaban ver perto, é decir, a ruptura, ou sexa, o cambio radical, é o que produce hoxe o desengano, a frustración dun soño que algúns confundiron coa realidade.

De certo,

houbo prácticas e teorizacións que demostraron unha capacidade de organización e análise nunca vistos deica entón, pero as cousas non estaban madurecidas, e é a tarefa nosa o estudarmos a historia do movemento obreiro neste país nos últimos séculos e cecais aí teñamos a resposta ao problema. Unha resposta que cicais non diga que

a clase, obxectivamente, non podía ir máis aló nese momento, que os antagonismos poden facerse máis brutáns — e hanse facer— no futuro e o noso traballo tamén, saber onde e como se darán e se están a dar esas novas prácticas, esas realidades que o movemento obreiro vai creando niso que se chama a "sociedade-fábrica".

3º) Chegamos á estabilización da forma Estado-criese. A partir daqui e a seguir a dialéctica e os dous eixos estabelecidos, pódese propor un seguinte paso no debate. En primeiro lugar todos somos conscientes de que os niveis de coordinación-organización experimentados deica agora non se achegan ao nivel acadado de teorización da situación. Ese pode ser, por un lado unha das grandes discusións e aplicada polo demáis a realidade que hoxe estamos a vivir.

Pola outra banda, temos o estudo dos mecanismos que o Estado pon e xogo para superar o actual nivel de crise, e para onde ou en que parte nos atinxe a nós, a Galicia, ese plan de reestruturación, reconversión económica.

O esforzo por aprofundar os nexos de unión entre ambos eixos, hános dar as solucións máis axeitadas e auténticas aos problemas que prantexamos. Por unha parte, meirande comprensión da realidade; por outra, mellores posibilidades de intervención práctica.

Entramos na realidade da loita de clases, vivíndoa desde dentro, tendo claro en todo momento o carácter antagónico da mesma e os mecanismos que cada parte produce para o aniquilamento da outra.


Eis o camiño que nos permitirá saber en todo momento "o que está pasando".

Puntualizacións á revista "ARCO DA VELLA"

Non

é a primeira vez que vou expor as razóns polas cales non estou dacordo en absoluto coa vosa revista. Se é a primeira vez que o fago por escrito, pensando que desta forma pode ser máis doada a análise e a posterior discusión.

Ese é o interese que me anima; a provocar unha discusión, o que por fin poidamos dotarnos de algo que realmente teñamos razonado e que obxectivamente sirva de avance a nivel de comunicación e coordinación,



dentro do
movimento

N^a

miña opinión,
unha revista deste
tipo pode tomar
duas direccións, que
están ambas as dúas
relacionadas
directamente con
momentos distintos
na loita social.

Unha delas, servir
como plataforma de
deabate, máis ou
menos intenso a
unha série de
colectivos ou
individuos que se
poden mover nunha
área teórica e
práctica moi
determinada —que
eu chamo
AUTONOMIA, pero
que me é igual—
onde se confrontan
experiencias e se
expoñen hipóteses.

Loxicamente, esta
publicación nace
das necesidades dos
colectivos de 'dárense
luz', e só neste
senso ten
xustificación.

O^{tra}

dirección,
podería ser o servir
de plataforma de
expresión a todo
tipo de realidades
prácticas que se
estexan a dar

—ecoloxistas,
feministas, AA.VV.
e máis movementos
populares—
ciguíndose, o grupo
xerador da iniciativa,
a coordinar,
arrombar, estes
traballos que lle van
chegando.

Non me cabe
dúbida de que pode
haber outras
posibilidades de
publicación e que
mesmo, varias
orientacións
poideran misturarse
nun só produto.

Máis coido que estas
son a vías máis claras
que pode tomar.

U^{na vez}

aclarado isto, paso
a razonar máis polo
miúdo cada unha
delas.

—O primeiro tipo
respondería, como
xa queda dito, a
unhas necesidades
de debate interno
entre colectivos que
non manteñen unha
organización, que
aínda non viven
directamente a
realidade antagónica
da loita de clases, e
teñen problemas
teóricos de todo tipo
para a súa actuación,
incursión, na loita e
desenvolvemento.

Esa revista serve
para coordinar un
debate que interesa
a todos. Tenta
superar por medio
do esforzo colectivo
os problemas que a
realidade presenta:
desde o debate de
organización,
militancia,
formación política,
ata os mecanismos
económicos que
desenvolve o capital,
papel dos sindicatos
e partidos en cada
intre, etc.

Eⁿ

unha revista de
debate teórico, de
carácter interno
que daría unha
inicial coesión a
grupos que traballan
nunha tendencia
determinada.

Eu penso,
particularmente,
que é ese o
momento no que
nos encotramos, e
que a revista debería
desempeñar ese
papel.

O

segundo
responde para min,
a un meirande
desenvolvemento dos
antagonismos e, xa
que logo, da
conciencia. A clase
ten agora necesidade
de saber o que está a
ocurrir en outros
sítios: a máis de
explicar as súas
realidades concretas.
A loita fíxose
esvaída e a axitación
rei en todos os
estados.

A revista recolle
todas esas
experiencias e é
quen mesmo de
coordinar accións.

Todo isto
responde xa a un
grau de loita
superior. Grao que
hoxe, aquí, estamos
moi lonxe de acadar.

Após expor isto,
topámonos co
primeiro número de
'ARCO DA
VELLA', revista
que nace, non das
necesidades que
distintos colectivos
ou individuos
poideran ter de
discutiren algo, onde
sacar á luz unha série
de loitas, pois estas
son inexistentes.

O motivo do
nacemento débese
a que cumpría ter un
fillo para vermos de
salvar o matrimonio.

Non son as
necesidades
inherentes á loita de
clases as que levan á
creación desta
revista. E a hipócrita
necesidade de
mantermos unha

estrutura —un
colectivo neste caso—
que non sabe dar
contidos reais,
funcións, angueiras.

Esta revista non
interesa ao
movimento porque
non achega sustancia
nin tampouco
realmente ao
colectivo porque
non é o froito dun
debate sincero e
arriquecedor.

Xerouse
espectáculo, reflexos
espectaculares,
simples métodos de
"marketing" para
venderdes un
produto valdeiro de
contido, "o méido é
a mensaxe" dicía o
outro.

P^{articularmente}

penso que hoxe en
Galicia é posible pór
en funcionamento
unha revista de
debate teórico.
Que non ten porque
ser exclusivamente
un lugar onde se
recollan teorizacións
senon que pode
abrirse a calquera
tipo de aportacións,
pero coido que o
importante desa
revista sería o eixo
conductor, o fin
perseguido.
Podemos facer o
que queiramos
sempre e cando non
perdamos xamais de
vista que a nosa
acción debe
enmarcarse dentro
das necesidades que
a loita de clases vai
xerando en Galicia.
Obxectivo do debate
e da súa aplicación
através dunha revista
e descubrir,
precisamente esas
necesidades.

L.P.C. "MUNI"

Ourense, abril-81



Resposta a Muni

O artigo consta de dúas partes e nos diferenciaríamolas pois se nos asemella que teñen moi pouco que ver unha coa outra xa que a primeira parte "Consideracións para un debate" fala das "necesidades reais do movemento radical galego" e na segunda de "Arco da Vella", enlazadas moi sutilmente polo noso lector para que co enrolle da 1ª parte nos traguemos a 2ª.



canto á 1ª parte non temos gran cousa que obxectar a non ser que estamos un pouco fartos dos "redentores de la clase", que veñen a este país noso a chamarnos parvos dende o seu laboratorio situado nun país que nada téñen que ver con este a non ser que sufrimos o mesmo Estado-opresor.



canto á 2ª, "Puntualizacións á revista Arco da Vella" a mente do noso lector debeu botar fume xa que en Galicia eiquí e agora, el que só consideraba dúas posibilidades de realización da revistas, "éramos poucos e pareu a a boa" e saíu "Arco da Vella" a revista-espectáculo, como él nos chama (gracias Muni!) e que a nós tanto nos gusta. Tén outras teimas o noso lector empeñado en que debíamos ser teórico-tochos, asemellándonos a outras revistas que él coñece moi ben e nós fuximos delo; empéñase asimismo en casarnos e temos que dicir que como

libertários estamos en contra do matrimonio, tamén que nos fagamos "portavoces de la clase" e nós negámonos a ser portavoces de ningún, quer meternos nas catacumabas (de carácter interno) e nós decimos que non somos cristianos e como libertarios estamos en contra da Iglesia e as súas institucións.



sixelamente que o noso lector trabucouse de revista e aconsellámoslle

que canalee a sua xenreira contra o Estado e as súas manifestacións na vida cotidiana que non son poucas, pois estade certos que nós non somos o seu nemigo —o tempo o dirá— senón os seus aliados e pregámoslle para que se anime a colaborar connosco dende esta óptica libertaria, sin dogmatismos pois non caben dende a nosa visión, para tratar de ofrecerlle á xente o noso traballo creador non alienante pero sin pretensións de ningún tipo e a posibilidade dentro dun amplo abán libertario non autoritario, de que todos colaborem na percura do sol, a lua e as estrelas pois

ARCO DA VELLA
AO ANOITECER
BO TEMPO AO
AMANECER



OS HETERODOSOS

O mestres do pasado, saúdo-vos! Venho de pôr minha coroa de gratidão votiva e de entusiasmo varonil sobre a tumba onde dormis o sono merecido! Sobre a vossa tumba, sim, porque todos vós estais mortos!

MARIO DE ANDRADE

H

eterodóxia, segundo o dicionário, significa oposición aos ditames ortodoxos, este artigo creio se afasta e critica os parámetros tradicionais, as fórmulas gastadas, avellentadas, a ortodóxia en definitiva na que se moveu até agora a literatura galega. Non me interesa ser ortodoxo, estar dentro dos "temas obrigados", como dician Manuel Antón e Alvaro Cebreiro no manifesto "Máis alá". Nen dos estilos habituais.

Ao comezar este artigo lancei-me o difícil desafío de tentar reflectir a sociedade galega contemporánea desde unha perspectiva iconoclasta, antidogmática, crítica, aderezada coa maior cantidade de humor que me fose posíbel. Non sei se o conseguín. Procurei que aparecesen as mais representativas desas personaxes reais que todos vemos a cotío pola rua: pasotas, ligons, feministas, persoeiros, beatos e beatas, burgueses, obreiros, políticos, fachas, etc. Non escribín daquele mundo dos labregos, tan sobado e idealizado polos escritores do país. Nen artigos moralizadores e proselitistas do galeguismo, do nacionalismo, como desgraciadamente nos tñ afeitoos ese contubérnio de curas, ex seminaristas e papa-hóstias. Quixen

contar cómo vexo a sociedade, o mundo no que estou imerso. Non realizar crítica literaria. Nen defender con artigos, repetitivamente obsesivamente, a utilización do galego; porque considero que a mellor defensa do idioma é non aburrir ao personal e si escribir cousas que podan ser de interes para o leitor.

Crin que había que facer algo diferente, axudar dentro das miñas posibilidades a sair do elitismo consciente ou inconsciente ao que estaba reducido o practicamente inexistente xornalismo en galego e aínda a literatura. Pensaba e penso que existe un mundo real, contemporáneo, un mundo urbano, esquecido polas nosas letras; que abundaba xa de choros, saudades e sentimentalismos rurais baratos, que faltaba algo tan esencial do espírito galego como pode ser o humor; que existía un xénero literario pouco desenvolvido, mais tan importante e necesario como calquer outro, o xornalismo, e que na sua faceta de crónica humorística e aínda de simples crónica encontraba-se sen cultivar.


Agora tentarei relacionar esta palabra de "heterodoxos" co mundo actual, coa mentalidade da xente, sobretudo dos xovens de hoxe. Creio que se ás persoas desta época se lle aplicase un calificativo globalizador das suas características, este sería o de heterodoxas. Dai, también, o título deste limiar, que, a modo de manifesto, quer reivindicar un sitio para todos nós, os membros da xeración do desencanto, os niilistas, os iconoclastas, no seio da cultura galega, á que só se podía aceder co carné de nacionalista e a atitude de carroza. Mais ante tudo se algun ou alguns contemporáneos lles

amola o de "nós" por estaren en desacordo cos sua inclusión e queren baixar do carro, non teño nengun problema en desvencellá-los e falar en primeira persoa. Porén, considero que a forma plural é mais apropiada, xa que non son eu só, coído que somos toda unha xeración os que pensamos e sentimos as cousas desta maneira.

Vivemos unha profunda crise ideolóxica, cultural. Encontramo-nos nunha encrucillada, nun punto de inflexión, nun deses períodos especialmente críticos con que a longa camiñada da historia contou e sen os que a humanidade non podería evolucionar, desenvolver-se, como fixo. Estamos a realizar unha tarefa imponente: destruímos os restos dun pasado caduco e o mesmo presente, para despois tentarmos conseguir algo novo, distinto, a ser posíbel, mellor. Destruímos porque para construír, previamente cumpre derrubar. Convén eliminarmos todo o que cheire a carroza, as ideas daqueles que non saben nen queren entender a época na que viven e preferen un pasado cheio de feitos e atitudes que nós rexeitamos. E asin foi en todas as épocas críticas, heterodoxas, e nas futuras también o será.

A

xeración heterodoxa, esta xeración que se encontra en floración, na sua mocidade corporal e espiritual, a xeración da década dos 80, a xeración oitentista, non é só de artistas e literatos. Trata-se de algo máis amplo, diverso, importante. Somos un auténtico conglomerado formado na



converxencia destrutiva. Non mantemos entre nós a uniformidade dogmática e disciplinante doutros movementos anteriores de carácter socio-cultural. Actuamos de maneira diferente. Uns creron — os pasotas — que a mellor forma de criticar á sociedade era pasar dela. Agora, aos poucos, van-se a decatar da inutilidade desa postura, de que a pasividade, o desentendimento, non resolve nada, que hai que actuar. Referimo-nos, claro está, aos procedentes do desencanto, non a

ese fato de parvos e snobs que dician seren pasotas porque estaba de moda. Non estamos tan definidos, tan limitados, como os movementos precedentes; porque o importante agora é unirmos forzas para desfacermos. Logo virán todas as concrecións e as definicións.

Creemos que nos achamos no tempo de sair das covas, de abrir este escuro mosteiro chamado Galiza ás influencias contemporáneas,



heterodoxas, antidogmáticas. Non podemos permanecer estancados na primeira metade dos 70. Espera-nos unha nova década, tremendamente interesante, contraditoria, conflitiva, que haberá que enfocar cheios de imaxinación creativa e con algunha esperanza.

A humanidade e a sociedade galega, como parte dela, cambiaron muito nos últimos tempos. E aínda van cambiar máis. Sobre todo nós, os galegos, pois arrastramos un grande retraso evolutivo en relación aos cercanos veciños do Norte. Queiramos ou non. Cada vez seremos máis cosmopolitas —non só pola emigración—, estaremos máis conectados co resto do mundo, especialmente cos países occidentais industrializados, cos seus réximes, economías, ideoloxías oficiais e marxinais, coas súas mocidades. E isto reúne á vez características positivas e negativas. Nós queremos ser un movemento renovador, actualizar Galiza en relación ao extranxeiro, aumentar a súa creatividade, a súa conciencia crítica, cambiar as mentalidades, introducir novas ideas, todo o que estes países teñan de bon e de interesante.

Non, a sociedade galega actual non é a mesma de hai cinco anos. Esta nova sociedade surxida do desencanto, do consenso, do aburrido pragmatismo e burocratismo dos partidos, do paro xuvenil, posúe ideas e gustos diferentes que as precedentes. Concretamente, que a xeración anterior, a xeración barbuda, a xeración progre, que seguía o dogma marxista, cria no paraíso cubano e en Fidel, era sóbria e

cultivaba e despreciaba todo o que non estiver dentro da escola do social-realismo. A grande parte dos componentes daquela xeración pasaron á heterodoxa logo do desencanto.

A xeración oitentista, a diferenza das anteriores, prefere a liberdade, a poetización do sexo e a picaresca de Henry Miller e de Blanco Amor ao tradicionalismo, confesionalismo e chauvinismo peifoco de Otero Pedrayo e de Noriega Varela. Gosta máis da metáfora de Manuel Antón, da poesía existencial de Cuña Novás, da narrativa de Rey Ballesteros, que da copla de Curros, do costumbrismo labrego de Neira Vilas, e do linealismo de Sílvia Santiago. Sente máis perto o pensamento de Sartre, Gandhi, Bakunin, Marcuse ou Cohn Bendit, que o de Stalin, Lenin, Carrillo, Castro ou Vicente Risco. Admira máis o humor intelixente de Woody Allen, ao que vai ver en tromba aos cinemas e le con verdadeiro entusiasmo, xa que critica, desmitifica tudo, pois todo é criticábel, nada merece ser mito, que a Eisenstein, apesar do asincronismo, do que pudo representar para a sétima arte a película do "Acorazado", pois considera-a como un puro e demagóxico panfleto.

Se houbera que pronunciar tres nomes ben representativos da ideoloxía, dos sentimentos da xeración dos 80, diríamos os de tres norteamericanos, destacados membros da cultura marxinal do seu país: Henry Miller, Herbert Marcuse e Woody Allen. O primeiro representaría a liberdade creativa, o

hedonismo, a busca dos praceres. O segundo, o pacifismo, tan característico desta xeración que quer conseguir tudo sen derramar sangue, e sobretudo a volta aos ideais, ás utopías, logo de presenciar como os réximes, os partidos, as ideoloxías que dician que portaban o facho do progreso, polas súas actitudes entreguistas e maquiavélicas, convertían-se en entidades burocráticas, cada vez máis faltas das necesarias liberdades individuais. A mocidade do mundo industrializado e pseudo-democrático da Europa e da América do Maio do 68 tiña esta mentalidade. Nós, os que na actualidade somos heterodoxos, polo illamento da ditadura franquista estábamos naquela na berza, vivendo aínda na vá ilusión da ortodoxia, do stalinismo, dos partidos políticos que virían e resolverían tudo.

Agora co desencanto, ao vermos que non se cumpriu nada daquilo, que os partidos acabaron de se converter en negocios para a clase política, cando ocorre o que estaba xa a ocorrer na Europa e na América dos 60, parecemo-nos de certo á mocidade dos países industrializados que nos rodeían. Por último, Woody Allen representaría a crítica despiadada contra

tudo; mais sorrindo, burlando-se, ironizando, destruindo co sarcasmo, cun humor explosivo.

Queremos acabar con todos os Vicente Risco da vida, cos seus manifestos retrógrados por meio deste manifesto heterodoxo. Queremos acabar coas ideas dos inadaptables coa época na que viven, cos ortodoxos característicos do noso país e coas súas manifestacións demagóxicas e maniqueas: "aquí os bos e xenerosos"; "os irmáns"; "nós, os consecuentes"; etc. etc. Nós, os heterodoxos, diríamos-lles a todos eles a puro berro, cambiando algunhas das súas frases máis coñecidas: "canto máis grande é a alma, menos poder quer"; "os ortodoxos non son dignos de amor" (qué romántica, verdade?); "non hai homes escravos en pátrias inexistentes"; ...Non, señores, por falardes en galego, serdes nacionalistas, esbardallardes repetindo

até a saturación que hai que traballar polo povo, cando en realidade, como bons arribistas, laborades para vós e só para vós, non creades que sodes inatacábeis, que non se vos vai criticar, que non van descubrir os vosos múltiples defeitos.

Até agora con aquela máscara conseguíades vivir tranquilos, que se metesen con outra xente que contaba con menos defensas, cos que

presumiblemente, estaban na outra banda e non sabían enganar tan ben pois falaban en castellano e eran patriotas de Madrid; porque Galiza era un dos últimos coutos para demagogos. Nós, os heterodoxos, e en galego, trataremos de que a xente vexa as vosas contradicións, que non sodes salvadores de países nen de nada, nen posuidores da razón, da verdade, dos dogmas. Pois, para que o saibades, os dogmas non son propiedade de ninguén xa que non existen. As cousas non están tan claras como vós dicesdes.

Non

nos tentedes enganar máis. Non nos faledes como antes do 75 de que nos países do Este existe benestar económico e liberdade. Aí temos na actualidade ao povo polaco para vos desmentir. Non nos mintades con paraísos cubanos, cando estamos a ver a feroz represión que comete aquele réxime contra uns seres humanos chamados homosexuais, represión recoñecida polos gays marxistas españois. Non nos veñades máis con falsos mitos. Non nos digades máis nunca que Fidel Castro é un modelo de revolucionario, porque se iso fose debería deixar de se mitificar, de se construír un carisma, que como todos é irreal, artificial.

Que

deixe de personalizar, de unir á



sua persoa —como diríamos también a todos os dirixentes dos estados onde o marxismo está institucionalizado— os cámbios do seu país desde a fase capitalista á pseudo-revolución actual. Que deixe de contar contos do ben que se mergulla no mar, das lebres que abate nas cazas —Franco también facia o mesmo— e, en todo caso, que abandone o poder, que o delegue noutro. Non, señores ortodoxos, non nos chupamos o dedo cos vosos carismas, cos vosos persoeiros fabricados de barro. Por favor, non nos contedes que facedes todo iso pola revolución; pois o fin, caros antepasados, nunca xustifica os meios, o auténtico engano ao que sometidos ao povo.

E verdade, si, totalmente certo todo o que se dixera sería pouco, que nos países occidentais existen férreas ditaduras, también ditabrandas ou democracias antidemocráticas, paro pobreza, represión e poucas liberdades. E nós, os heterodoxos, recoñecemos-lo. Mais o que non se pode manifestar é que nos países do Este como dixestes muitas veces, ocorre todo o contrario, que son uns exemplos a seguir, uns paraísos. E isto é o que a nova xeración non acepta: as manifestacións demagóxicas e falsas dun signo ou doutro. Porque, para que o saibades, vellos barbudos, as ideoloxías políticas e a vosa quizá por primeira vez na súa historia encontran-se nun estado crítico nas zonas máis industrializadas do globo. Perderon credibilidade, o baño de idealismo co que conataban. Nengunha delas foi capaz de chegar á utopia, nen sequer chegar-se a mil léguas de distancia. Son completamente pragmáticas,

carentes de liberdade, burocráticas, consensuais, iguais. Na práctica, co aceso ao poder ou a pequenos espazos de poder, o marxismo parece-se cada vez máis ao capitalismo, como opinaba Marcuse. E aínda algúns partidos se permiten o luxo de censurar aos desencantados, que só eles, as súas ideoloxías e as súas prácticas causaron.

T

udo

está en crise.

Xa non se encontran dogmas. Non hai ortodoxias fóra das dos hipócritas interesados e parvos enganados. Por iso o descontrol, a angústia que se vive, ao non ter nada ao que se agarrar. Por iso o desencanto, a busca desesperada de algo, dalgunha verdade, que xeralmente non se encontra na sociedade represora, nun mundo absurdo e adverso, do que se desconfía. Daquela se busca en cada un de nós. E aí ven o individualismo. Algo que antes, no período "progre", consideraba-se como insolidario e bons eran algúns daqueles progres arribistas, famentos de poder e de soños de grandeza para presumir de altruísmo. Non comprendían que podía haber un individualismo que fose responsábel e creativo. Un individualismo conveniente e necesario. Porque a palabra individualismo, para nós, carece de significado peiorativo, non a entendemos como cerrar-se aos demais, senón defender a propia personalidade, partir dun mesmo en calquer acción e nas imprescindíbeis de carácter solidario e cooperativo.

Somos un grupo de inconformistas, de

críticos de tudo, incluídos nós mesmos; pois también temos defeitos e somos sinceros ao recoñecé-lo. Algúns preguntarán-se se queremos introducir a semente da discórdia na cultura galega, na vida dos galegos e galegas. Pois claro que si. Desexamos pasá-lo ben dunha vez, alegrar este insulso mosteiro onde parece ser que todos son "bos e xenerosos", á vez que dar o puntillazo definitivo ao camp, ao retro.

Queremos destruír os últimos redutos ortodoxos, carrozóns, e despois comezar cheios de imaxinación a busca de algo distinto. Queremos novas utopias, novas ideias, novas ilusións, coas que poderemos transformar a literatura, a cultura, a vida dos galegos. Vivamos plenamente esta época!

Anelamos con tadas as nosas forzas, por cima de calquer outra cousa, a liberdade. Pois non hai nada máis importante sobre a face da Terra, algo polo que valla tanto a pena vivir. A diferenza da anterior xeración interesa-nos máis que formar pátrias, gobernos, Estados, conseguir máis liberdade para todos e cada un dos humanos, liberdade e liberdades que se vexan reflectidas en cada día, a cada hora, nas nosas vidas e actividades. Non en leis normativas, regras, que son en definitiva papeis mollados, cando non reixas para nos cercar aínda máis.

G

osta-nos esta terra, respetamos a súa lingua e cultura popular, porén, non somos patriotas. Non cremos nas pátrias, patróns, patrullas, patrimonios, patricios, patriarcas e patrañas. Conformamo-nos con ser simples cidadanos do

mundo, de todo o mundo. Non nos interesa erguer pátrias nen a glória de patriotas. Nen salvar o país. Somos muito menos pretenciosos. Ademais cuidamos que, en todo caso, debe-se salvar a si mesmo. E dicir, cada un dos seus moradores. Preferimos que nos nosos enterros non nos leven envoltos na bandeira, nen toquen as trompetas solenes marchas triunfais, nen que miles de voces entoen hinos patrióticos co coro dos nenos cantores de Viena. Conformamo-nos —somos humildes— con disfrutar en silencio cada día, quizá nun pequeno cuarto escuro. Porque, iso si, somos hedonistas. Aí está o psicodelismo dalguns. Gostan-nos os praceres e non nos envergoñamos —non hai porqué— en recoñece-lo. Carparamos dulcía. Para qué estamos na vida, se non é para disfrutar, para pasá-lo ben e aínda para procurarmos pasá-lo mellor? Veña, aprendede dunha vez de nós vós os que sodes politicastros, xenerais coroneis, popes, persoeiros, xeróntocras, santurróns, artríticos, gotosos, vellotes, capados e reprimidos da Praza Bermella de Moscu, da de Oriente de Madrid e da do Obradoiro de Compostela.

Non somos economicistas. Non tentamos explicar todo o que pasa baixo regras económicas. Cremos que unha sociedade pode ser xusta na distribución das súas riquezas, mais totalmente infeliz carente en absoluto de liberdades, inhumana. Non somos materialistas históricos, pois temos unha maior consideración do ser humano. Non o cremos como un simples piñón da economía. Quizá haxa forzas máis importantes que as económicas, como o sexo e as ideias, para

explicaren o desenrolo do mundo. E necesario espiritualizar-nos, valorar-nos. O que non significa que vaiamos ter que criar imaxes. Só quer dicir que desde hoxe mesmo vamos dar-nos unha maior consideración e que debemos tentar ser o máis rapidamente posíbel, deuses cada un de nós. Debemos ir construír sen dilacións, sen máis voltas históricas, dereitísimamente, día por día, unha torre de Babel perfecta, sen confusión de línguas, que nos achegue ao paraíso que ansiamos. Polo de agora é certo que non somos deuses, porén, contamos cun deus único, cun deus que non temos que buscar máis alá das estrelas, onde non alcanzan os nosos ollos, que mora aquí, todo-poderoso, superintelixente, inmortal, do que nós formamos parte e no que debemos crer: a Humanidade Inteira. O humanismo é a nosa relixión.

Nós, os heterodoxos, os ecléticos, os antidogmáticos, os mozos e mozas de hoxe, manifestamos a aqueles que podan dubidar do progresismo da bondade das nosas intencións, que desexamos e buscamos afanosamente dunha maneira peculiar, nosa, propia desta época, chegar para nós e os nosos semellantes, auténticos Orfeus mais que continuarmos de Prometeus encadeados —mais ou menos disimuladamente, claro, mais Prometeus encadeados ao cabo—, cousa da que quizá non poden presumir os nosos críticos, os carrozóns. Eis a demostración de que ollamos cara diante e eles non.

Sexamos, pois, heterodoxos.

A Coruña, Decembro de 1980.

MANUEL MIRAGAIA

AS VIAXES

Todos ou moitos de nós temos viaxado en coche, en tren ou en avión. Todos tamén coñecemos dun xeito ou doutro as ventaxas e os inconvenientes destas viaxes. Eu quixérvos falar do segundo, pois as ventaxas témolas todos moi trilladas. En primeiro lugar non temos un contacto directo co medio natural, o feito de ir en coche sepárate e fai liña divisoria entre tí e o que vas vendo, nin respiras o ar de fora en toda a súa intensidade, non sintes nin a temperatura nin o clima polo que pasas, non tes unha relación directa coa xente agás cando paras, tes unha necesidade ás veces absurda de seguir viaxe e outras tamén o coche te leva a tí, non es tí que leva o coche.

ten nada que ver co entorno polo que vai.

A viaxe tén de ser tranquilizante, revitalizadora e libre das ataxentas que nos impón a máquina que moitos de nós temos

que padecer (neste caso en toda a plenitude da verba) na cidade todo o ano. O normal ás veces é que saíamos de viaxe e cheguemos de volta baldados física e ás veces siquicamente, este tipo de viaxes é a que non debe de ser.

Nós para probar prantexaríamovos dúas maneiras de viaxar da nosa época: A BICI e a segunda é a máis antiga do mundo AS PERNAS, é decir nós andando no máis estrieto contacto coa natureza.

O 1º A BICI coñécédela caseque todos. Permite viaxes nas que o noso corpo é o partícipe máis directo, temos un contacto coa xente a un certo nivel e paramos onde nolo pida o corpo. Teríamos de ir pouco cargados, algunha

ferramenta e parches, provistos dunhas mochilas laterais na bici e facer un cálculo aproximado das nosas posibilidades no pedal.

RON SEXA QUE AO 2º DIA NON NOS POIDAMOS MOVER!

Hai quen fai 50 km no día, outro 100 e outro 5 e o que se atopa tan ben, que non lle peta moverse dun sitio que veu no seu primeiro día de viaxe.

O 2º AS ANDADAS, nelas nós formamos parte da paisaxe, sentimos plenamente todo o que acontece ao noso redor, o noso espírito sente unha calma abraiante, tes unha visión plástica do mundo directa non distorsionada por peneiras impostas. Debemos levar o máis imprescindible, se cadra saco de dormir e algo de abrigo e o peso debe estar equilibrado e alto (son boas unha mochilas de armazón onde levas o peso alto e no centro), é moi doado establecer lazos coa xente do lugar coñecéndoa e facendo amizades que poden solucionar moitos problemas prácticos axudándote a gozar máis intensamente da viaxe. As andadas débense iniciar á mañanciña evitando as horas onde o sol e a calor sexan máis fortes. Unha boa media son 20 km diarios que non vos levaran máis de 6 horas, e bó consumir froita polo camiño que che dé enerxía para continuar e non sentir o cansancio. Unha vez iniciada a viaxe é convinte non facer moitas paradas pois perdes o ritmo e é costoso volver a collelo, a marcha debe ser un pouquiño máis rápida que a media da persoa máis lenta a fin de que non haxa tardóns que a freen, xa que cos máis rápidos non hai lixo.

Sen problemas pois, agardando tempos mellores podémonos pór en contacto coa natureza, gozando con ela en toda plenitude, velaí dúas maneiras alternativas de viaxar lonxe das programadas tradicionalmente, pois o noso país nos ofrece inmensas posibilidades de disfrute, agora que vén o vran, topando lugares insólitos que de outro xeito se nos escaparían, sentido en toda a dimensión cósmica a paisaxe, a vexetación, a xentiña toda que sen dudar coñeceremos.

ROXOS



Xa sei que salientar estes pormenores é propio de maxinacións pobres de persoas embafantes que descubren o mundo en voz alta a cada pasiño. Xa sei que mirarse on espello non é un acontecemento, que cada quen se rinde culto fronte a il diariamente aproveitando que pinta os ollos ou se afeita. Menos frecuente será que nos miremos ó espello sen outra finalidade que sabernos e reidentificarnos. Pregunto se non será menos frecuente, e, por necesidade, exaspero ós que xa esqueceron o tempo no que tamén preguntaron e non saben cando como foi o infantilismo, nin o seu, porque son xa adultos a tódolos efectos.

De probar faguedo con meticulosidade que senón ó principio vólvese ó de sempre, o naris demasiado ancho, a fronte abultada



sóbor das cellas, cellas faisquentas seascaso, e a boca pouco carnosa e a... que sei eu, e ó fin e ó cabo o narcisismo sobreponse ós embates da natureza e asi non é. E diste outro xeito dende a obxetividade máis firme e contraditoria, porque xa o veredes, é dende a consciéncia de que sen lus nada, nin xiquera escuridade sen lus, que a primeira enche as auséncias da segunda, e sen lus nin ausencias hai e portanto nada. E dende a consciéncia da imprescindible materia refletante, aceptando como fideles as imaxes reflexadas sóbor de superficies lisas ou sobor das menos enrugadas das superficies.



E na coincidencia distes prodixios cotiáns cabe que o animal se apresente ou a cousa esté. Exatamente entón a cousa está dúas veces e ó animal ofrecéselle o privilexio de chegar e irse por duplicado. O privilexio, crerá il de sinalarse dobre e reciprocamente a si mesmo. Pero non, privilexio só de observar ó outro, ó da fición e satisfacerse na simple proba unilateral, porque non vai enfrentarse ao animal por moito que viva, coa propia mirada senón coa do outro, o do reflexo. Esta é a primeira anormalidade.

A segunda, é, que eu nunca creo verme reflexado nos espellos senón ti animal (falolle a iste) que conmigo coordinas e convives. Ti és quen se confunde sempre e non aprendes eu tarde ou cedo reconsidero e concluo por ter coñecemento do feito e aínda así non me impresiono cada vez que ti te asomas e a grande diferenza ineludible, entre nós os dous maniféstase tal como é. Anque non saiba cal dos dous poido quedadamente non ter sido nunca, xa sabes, envoltório e contido resultantes dun suceso aleatorio. Anque me coste pensar que ti poideches, meu animal, non ser o que me tocara, apesar desto é inevitábel falar da forzosa diferenza entre nós. Ti vives e ocupas e xa que logo limitas e veste limitado, ti é o que segrega ou dixire ou defeca. Eu sen máis son o pensado ou pensamento ou ilimitado que destruí e crea e te marea a ti animalciño meu. Pero non son, non, alma cristián nin hongo sábio aderido ó cráneo do salvaxe da figueira xigante. E son o que existe mais non vive, ti és o que vive mais non existe sen min e ningún dos dous admitimos dissociarnos.

Eu son, on caso, a idea mesma da pregunta, ti animal, és o que a escribe asustado. E se ningún dos dous somos o do espello, que é, pois, ise terceiro sarilleiro?

XOSE CIDE CABIDO

SCALADA

As condenas aos compañeiros libertários involucrados na montaxe Scala ascenden a 52 anos de cadea. Polos delitos de fabricación de aparellos inflamables, concurrencia a manifestacións con artefactos perigosos, estragos e imprudencia temeraria con resultado de morte, caéronlles 17 A nos de prisión a:

- Francisco Javier Cañadas
- Arturo Palma
- e José Cuevas

que son os que ao fin pagaron o pato na montaxe político-policia xudicial do caso Scala.

Despois de ter aturado todo tipo de torturas ao seu paso polas comisarias e cárceres, de ter trotado polos xuzgados de turno de un a outro; agora cando o coidan convinte, a "xusticia" do sistema senténcias a pasar o resto das suas vidas nas suas cárceres, pechándolles pra sempre o seu espírito de homes ceibes, para que paguen eles polo que foi unha montaxe do sistema para amedoñar ao movemento libertario e antiautoritario catalán e que nos servise de exemplo e primeira lección aos disidentes do sistema.

RELATOS DAS TORTURAS

"As torturas comenaron xa nos

coches cando os levaban á comisaria. Ameazáronnos e batéronnos decindo que éramos uns fillos de puta e que non tiñamos dereito á vida".

"Na comisaria as torturas foron máis sofisticadas. Consistían en: bater cunha mangueira corta de butano as pernas, a faciana e os testículos, as mulleres tamén nas tetas; cunha barra de ferro batiánnos na testa, tendo que ser trasladados un de nós ao dispensario de Perecamps para darlle varios puntos de sutura na testa. Ao preguntarlle o médico como se abría a testa, a "bófia" dixo que caera polas esqueiras. O compañeiro negou as verbas da policía decindo que llo fixeran durante o interrogatorio.

Respostando o médico que tiña que por no parte o que decia a policía..."

"Golpeábnos cos puños no estómago, fígado, esternón e testículos..."




SEU ITINERARIO POLAS CADEAS DO ESTADO

Primeiramente métennos na Modelo e Trinidad, según fosemos homes ou mulleres. Despois pásannos a Madrid. No vran do 78 Arturo Palma, José Cuevas, Javier Cañadas e Luís Muñoz son trasladados a Segóvia (sufrindo Javier malleiras contínuas e 120 días de isolamento

total, necesitando logo tratamento para o seu desequilibrio psíquico, a consecuencia de todo isto). En xúlio e agosto do 79 trasladan, de novo, a José Cuevas ao Penal de Burgos e a Arturo Palma ao de Ocaña, sendo devoltos a Segóvia catro meses despois, onde os teñen ata a celebración do xuicio. Pola sua banda, Pilar Alvarez e M^a Rosa López están en Yeserias ata que seis meses despois son postas en liberdade provisoria baixo a fianza de 25.000 ptas., ben ridícula por certo, cada unha delas. A Maite Fabrés a teñen pechada dous anos e logo a poñen en liberdade sen cargos e recoñecendo o Sr. fiscal o "erro xudicial" de que fora vítima.





A MONTAXE
XUDICIAL PRA
CONDENALOS

Nel aconteceu de todo, desde a democrática crítica (a hóstia viva!, claro) a unha compañeira e un compañeiro, que facendo tempo que non se ollaban íanse bicar, pasando polo cámbio de fiscal, dez días antes do comezo, xa que non chegaban os 300 anos que lles quería botar enriba...; demostracións de que as declaracións foran sacadas baixo torturas, etc. En fin, un proceso con craros defectos de forma.

Con despreague policial sen precedentes, comezaba a farsa-xuício o pasado 1 de nadal, despois de tres anos de incertidume sobre o prantexamento definitivo do caso por parte das diferentes xurisdicións que o levaron.

De nada serviron os actos de protesta e mitins pra acadar a solidariedade popular organizados polos Comités de Apoio e pola CNT. Boicoteados pola meirande parte da prensa e pola totalidade dos sindicatos reformistas- "maioritarios" e os partidos colaboracionistas do sistema.

De nada serviu que o

fiscal solicitase da Sala a comparecencia das pezas de convicción, a presenza do confidente Joaquín Gambín Hernández e a liberdade de Luis Muñoz. O tribunal respostou que non "había lugar" e pediu cámbio do fiscal.

De nada serviron as declaracións dos acusados de que foran torturados desde a súa detención. Foron ignorados polos "xueces", preocupados pola demostración da súa culpabilidade, cando nin os testigos os recoñeceron no xuicio.

*O PERSOAXE CLAVE:
Joaquín Gambín.*

Nin que decir ten que o persoaxe clave de todo este proceso é e foi o confidente Joaquín Gambín, segundo o testemuñan os informes dos Comités de Apoio e dos abogados. Todo apunta, pois, a Gambín como presunto autor dos feitos. O mesmo que se infiltrou e delatou aos membros do ERAT (Exército Revolucionario de Axuda aos traballadores en Seat).

O cal desapareceu como se fora por arte de máxía, sen ser detido cos demais, non habendo lugar para a súa presenza no xuicio según o tribunal e con que non era imprescindible", según a presidencia do "xuicio".

Coidamos que sobran máis comentarios.

CONTESTACIONES
DA
CNT ANTE A
MONTAXE SCALA

Acúsasenos de terroristas. De ter fantásticos "brazos armados". De sementar o caos, de asesinar traballadores.

Todas estas calúnias vérquense hoxe sobre a CNT. Unha organización de traballadores que non pacta coa patronal, que defende en todo intre os intereses dos traballadores, que por isto non participa nos "Pactos de la Moncloa". que rexisita as eleccións sindicais propiciatorias dun novo verticalismo sindical.

ESTAS ACUSACIONES FORMAN PARTE DUNHA CAMPAÑA DE DESPRESTIXIO DA CNT Unha campaña onde a intensidade e brutalidade aumentan na medida que aumenta a presenza da CNT no Movemento Obreiro.

A loita de Gasoliñeiras, onde xa entón se nos acusaba de "sementar o caos", a dos mineiros de Berga, a folga de espectáculos pola liberatade de expresión, a solidariedade incondicional cos traballadores de Bimbo, as loitas de Macosa, Ossa, Sanidade, Majem, etc. son a cusa máis directa da actual campaña.

O 19 de xaneiro do 78, o Comité de

Catalunya e a Federación local de Sindicatos de Barcelona da CNT, espallaban esta nota:

A CNT é hoxe unha organización sindical que conta en Catalunya con 100.000 membros, aos que agora se ataca. Unha organización na que se encontran afiliados o 70 por cen dos traballadores de Scala. Os métodos de loita da CNT son os da crase traballadora: asambleas, folgas, peches, manifestacións reivindicativas, ocupacións de fábricas... Métodos que son todo o contrario do terrorismo, do vangardismo e dos "brazos armados".

E por iso polo que a CNT MOLESTA.

As acusacións que se nos fan non só son ridículas; son criminais; Trátase, sobre todo, de entender que éste é o comezo dunha brutal campaña represiva contra todos os que nos negamos que sexamos os traballadores os que paguemos a crise do Capital.

E diante deste ataque criminal só cabe unha resposta **A CNT NON SE RINDE. A LOITA DOS TRABALLADORES NON SE VENDE**

OS FEITOS ESCUROS SOBRE O QUE OS ABOGADOS PREGUNTARON

—Como non se crarificou o asesinato dun kiosqueiro veciño do Scala e que foi testigo presencial dos feitos?

—Por qué se derruba totalmente o local antes de proceder a unha investigación?

—Por qué se tardou 9 meses en efectuar a proba pericial?

—Cómo averiguou a bófia en 12 horas a identidade dos presuntos autores?

—Por qué a policía non detivo a Joaquín Gambín, nin facilitou datos acerca del ata que o pediu o xuez instrutor?

—E qué hai das normas de seguridade da sala?

—Por qué non aparecen no sumario os propietarios Hermanos Ribas?

—Por qué Maite Fabrés estivo 2 anos presa e logo se lle recoñece a súa inocencia?

—Por qué o seguro pagou sen estar pechado o sumario?

Estas

interrogantes e moitas máis permanecen, despois de celebrarse o xuicio, sen resposta. Ata cando?

ANTON LAMAZARES
EU OUTROS E A
CARRACHA
PODREMIA QUE
AQUI SE PUBLICA

pintor poeta que és
ti catrenas e non
páncreas antón ti és ti
ti non outro un señor
mio jesucristo a sanjrar
a vas juapote co
sobreiro e as raias no
pantalón pintar como se
escribe sanjrar como un
señor mio jesucristo ti
non outro e vas juapote
e vas a los toros tódolos
expresionistas somos
señor mio jesucristo a
sajrar caternar catrenar
e nunca pancrear antón
lamazares antón artaud
ben vale unha misa e un
copon con rodas e viva
a cona que nos bota a
todos antón patiño de
paso tódolos
expresionistas
aturuxamos antes e
despois de catrenar e ti
particularmente lalín! la
lune! como
lune! como di o meu
amigo mário.

A.R:REIXA



**CARRACHA
A PODREMIA**

o Baúl da
carracha
podremia
está avincallado no
jarjelo da víbora
armatoste:
o Baúl onde roñan os
mortos cornados de
abeacas sajrales
espetadas nas raíces da
carracha
podremia

II

A carracha
podremia
é unha picha de lepro
Son as maús súas
túneles do Juadarrama
preñados de animáculos
pezoñentos esbarando
polo espiñazo da
carracha
podremia
súa.

III

A caracha
podremia
él universo de tétanos
de imperios de fornos
crematorios e de
cajarría voante:
catacumbas esfoladas
que rañan o almanaque
ia desembocadura dun
mecanismo ostial,

IV


**CARRACHA
podremia**


Funeral turris ebúrnea
apisonadora
nicho de almas méndijas
enfurruxida cuspidora do cancro

V

**caRRachA
podremia**

maroma de ronchas
maroma de víboras
maroma de atadallos vivos





VI

a carracha
podremia
abre a boca: boca
mordedura de
aglomeración de :
esteos
valados
cartellas
Jabias
cancelos
turreós
carriles
impenetrables capaduras
Silveiras/Foxo
Soldaduras
cabezas de cimbelos
chatarra amolatadísima
porticos espichados
esfaladuras

VII

Pústula ciscallo
Mareo
Verme
cona panoia
Hitler
Espujo
OKERRa
Porca purreira
Tiña
Lakarra tírria
Carratxí latzá
Txakurra crúa
Zatarrak
Pateira
Rimel
stalin
Loba
cajallón
Bosta
Frida
Jómito
Finiquito
Balaréu
Desjracia infinita

VIII

A mandíbula catrena da
carracha
podremia
é unha tronada nejra
de esmalte brillante
de corpúsculos
apestados corréndose
no lombo da loba
carracha
podremia
pecho atravesados
verticalmente

IX

Lombo espureo
patena carnicería

encorada dajillós
amasados na
enfornadura da jran
epidemia da
carracha
podremia

X

as máquinas
nsanjrentadas da
epidemia da mandíbula
da traba catrena da
carracha
podremia
as da : cabezas
chispeantes -seres
cruces saralios baba
cajarría

Handwritten notes in the bottom left corner, including the word "Tira" and some illegible scribbles.

Handwritten notes on the right side of the page, including the word "Tira" and some illegible scribbles.

XI

a mandíbula dabaixo
 txakurra da
 carracha
 podremia
 silos morridos
 polo ciscallo
 paleira de
 buratovidades rillando
 jómitos joliatísimos
 caldeiros
 leprados/esfolados
 apescodazados por un
 remallazo de respireo
 humano oubeos cebos
 que se esconditean no
 estómago da
 carracha
 podremia

XII

a carracha
 podremia
 carnicería atrapa a casa
 jrandísima no anjar do
 seu estómago.
 a carracha
 podremia
 xanta a casa jrandísima
 sentada en coiros na
 aorta dun incendio
 monstruoso io zenzo
 sen rilla e endejo
 berinte
 berinte
 berinte

XIII

tuercas marelas
 atornillan o armamento
 da carracha
 podremia
 chaves sanjrales pecha
 e airean a boda da
 carracha
 podremia

XIV


Postes verdes cables
 raíles azules de alta
 tensión son os
 calcetadores do clima
 da carracha
 podremia

XV

as chaves as tuercas os
 postes a allar dos laios
 os cables os raíles de
 alta tensión son Bultos
 Joliatísimos de seres
 quexpurjan o virgo
 dasanjustias.
 capaduras inflambles
 parrideiro
 dun fuele inmóvil
 e atrozzzz
 caterna
 da carracha
 podremia

ANTON LAMAZARES
 Vilagarcía-Cartagena-
 Ferrol-1975-Madrid
 1981





BOZIGA DAS HERBAS

FITOTERAPIA

A curación polas herbas é un dos remedios máis vellos que se conocen, acudíndose a el desde moitos centos de anos atrás para recuperar a saúde perdida.

Por eso a fitoterapia —curación polas herbas— é un dos grandes segredos que pecha tras de si a natureza, permitíndonos así voltar a estar en harmonía con ela.

Hoxendía

As herbas e prantas, con virtudes para sandar, desprestigiadas nistes derradeiros anos polo tecnicismo da menciña oficial e os chamados grandes progresos e adiantos da farmacocómica, voltan a ser consideradas no lugar que sempre lle correspondeu dentro do campo das disciplinas naturais. Desde que o ser humano puxo o pé sobre a terra, como se ven demostrando desde que Dioscórides, no século I da actual era, sentara as bases da fitoterapia, como remedio saído da natureza, as herbas serven pra sandar.

COMO SE COLLEITAN
E CONSERVAN AS
HERBAS
MENCIÑEIRAS

Dende

tempo: remotos os colleitadores das herbas menciñeiras, persuadidos do poder e virtudes curandeiras gardadas nelas, arrodeáronse dun aparello un tanto misterioso, con ritos máxicos e plegarias. Actuaban con preferencia ao mencer ou á lús das estrelas, inspirándose nas fases da lua,...

Recollian tal herba nun cementerio abandonado, outras nun claro do bosco, tal outra na encrucillada dalgúns camiños e así moitas máis; procurando sempre os terreos incultos, abandonados, os lugares pouco frecuentados e o chan propio pras determinadas herbas que precisaban.

Mais istas actividades, que frecuentemente raiban o mitolóxico ou eran xa pura superstición, hoxendía son desenmascaradas de halo misterioso que as arrodeaban, xa que se colleitamos as raigañas no Outono —época na que soen acadar o seu maior desenrolo e acumulación de sustancias activas—, certas frores ao anoitecer ou mencer, namentras que outras pódense buscar durante a froración ou denantes de ser nadas, non é porque coidemos coma os anterigos rizotomistas que todas as suas propiedades e principios activos aparecían, case máxicamente, ou desaparecían segundo fixéramos ou non fixéramos pra recollelas; senón que é tendo en conta o ritmo de vida do vexetal a recoller e as indicacións e aclaracións dadas pola boticopea.

CONSELLOS UTILES PRA RECOLLEITA

É convinte facer unha labouira de recollida das herbas. Débese ter en conta que as herbas bravas teñen un efecto menciñeiro moito máis acentuado que as cultivadas en hortas e xardíns.

Cando

non atopedes as herbas que precisades nas vosas comarcas naturais, podeades dirixivos a algunha Herboristeria, que sexa de confianza, mellor a unha desas vellas

Herboristerias que aínda hai; fuxide coma do lume de ir mercaldas as tendas multinacionais do ramo (como botón de mostra temos a cadea de tendas de "Las Hiervas Salvajes de M. Messegú"), xa que, aparte do sablazo conseguinte, as herbas que venden son cultivadas.

A tarefa de colleita de herbas e prantas fainos cabilar sobre das maravillas da natureza e proporcionáanos os coñecimentos necesarios pra podermos logo utilizar os simples (calquera sustancia que por si mesma vale pra medicación ou que pode formar parte dun preparado menciñeiro).

A

colleita hai que facela cando o tempo sexa bon, é decir cando o contido de principios activos estea no seu punto óptimo, sendo importante que as partes superiores das prantas non estean molladas ou humedecidas, debendo de coller as sans e moi verdes, refugando toda parte seca, murcha ou descorida. As herbas ou partes delas balorecidas non serven pra os fins curandeiros que lles podemos dar.

Tede moito coidado cando as recollades, xa

que se pode coller inadvertidamente algunha que, parecéndose á procurada por nós, non o sexa, podendo resultar perigoso o erro



cometido, hai que ter en conta que moitas herbas, en determinadas circunstancias, condicións ou cantidades excesivas son, ou poden ser, TOXICAS OU VENENOSAS, poidendo producir doadamente a morte ao papármolas. As RAIGAÑAS e RAIZAMES débense colleitar ao escomenzo da primavera, no intre en que escomeza a botar as follas ou ben no outono, cando a parte aérea acaba de morrer. Nembargantes, as raigañas das prantas herbáceas vivaces pódense coller en calquera época do ano.



Os FROITOS haberá que colleitalos denantes de que madurezan ben, non demasiado maduros.

CALENDARIO DE COLLEITA DAS HERBAS

A colleita pódese efectuar ao longo de todo o ano, mais nos meses do inverno limítase a contadas especies, sendo máis froitifeira no resto das estacións do ano.



calendario

depende entre outras da froración, desenrolo, maduración; e segundo se trate de frores, froitos, follas, sementes, talos, raigañas e raizames, códea ou outras parte menores da pranta.

Por outra banda, hai especies que se poden colleitar durante varios meses ou en dúas estacións do ano, sen que perdan virtudes ou efectividade.

Tamén tense en conta que o Calendario que eiquí presentamos está en función do frío ou calor, da chuvía ou da sequía, do retraso ou tardanza da estación correspondente, etc.; e tan só abarca as especies máis correntes e coñecidas, aquelas que se poden atopar no Noso País ou as que se soen empregar máis a miúdo.

Neste número do "Arco da Vella" só figuran as correspondentes aos meses da primaveira; quedando e esperando podermo incluír o resto nos números seguintes, facéndose coincidir así coa estación correspondente.

Maio:

Agracexo
Bistorta (raigañas)
Borraxa
Coclearia
Cáñamo ou cana
Cólquico (semente)
Espárrago
Edra terrestre (pranta) ou areira.
Granado (frores)
Guadafalio
Herba Abelleira
Meimandro mouro
Pensamento Bravo
Pulmonaria (follas)
Salo de Salomón (raizames)
Tusílag, Pe de cabalo (follas)
Xuño:
Acónito
Agracexo
Anxélica (talo)
Arnica (follas)
Artemisa
Asperilla
Baladona (follas)
Borraxa
Buglosa
Camomila
Cáñamo, cana
Cardo santo (pranta coas frores)
Cicutu ou pirixel das bruxas, pé de sapo...
Cólquico (semente)

Culantrillo do Poxo
Chicoria
Dixital, estralote, croque...
Esprego
Escabiosa
Escorodiana
Dumaria
Herba de San Roberto
Loureiro Cerdeira
Leituga
Mapola ou papoula
Malva
Malvavisco (follas)
Laranxeira
Parietaria
Rosa (frores)
Ruda
Salvia, sarxa
Saponaria, xabroneira, bataneira....
Saúco, bieteiro, sabugueiro
Tila, tilleira
Tusílag (follas)
Verbena
Verónica

CONSELLO UTILES PRA CONSERVACION

As prantas e herbas enteiras non se deben transportar en sacos, xa que corren o risco de escomezar a fermentación. Nunca se deben de misturar herbas de diferentes especies, polas consecuencias que pode ter o contacto dunhas con outras, nalguns casos graves e perigosas.

Débense poñer a enxugar á sombra, xa que a raiola do sol fai que pola evaporación se perdan parte das suas propiedades e principios activos que conteñen.

Elíxase

pra iso un día soleado pra facilitar o desecado. As herbas con óleo débense colleitar pola mañanciña e enxugalas, tamén á sombra. Xamais se deben utilizar as herbas que perdan as suas cores naturais despois do secado.

Tampouco se deben enxugar, as que conteñan principios tóxicos ou venenosos, a pé doutras que non os teñan.

Pra conservar as herbas só se collerán as que se estimen necesarias pra o seu uso, por non ser aconsellable


o almacenamento de simples non necesarios ou que non se vaian utilizar. Pra conserva dos principios curandeiros delas é preferible transformalos en preparados —dos que xa falaremos máis adiante—, tales como: extratos fluídos ou enxoiros, tinturas, etc., pra formaren os preparados útiles pra cada ocasión.

As

PRANTAS enteiras téñense que limpar ben de terra e tirarlles as partes murchas ou estragadas. A sua desecación sói durar algúns días, debéndose pendurar afastadas, á maneira de grinaldas.

No caso das **RAIGAÑAS** e **RAIZAMES** hai que levalas ben denantes de poñelas a enxugar, partidas pra que así se consiga acelerar a sua desecación, que doutra maneira se prolongaría tempo demais. Estas débense poñer a enxugar ao sol, nun local —de dispoñer dun faiado, éste é o sitio idóneo — amplo, soleado, que teña unha boa ventilación e que a raiola poda penetrar ben nel.





En canto ás SEMENTES, só requiren algúns días de exposición nun lugar seco e ao relante, xa que a natureza as dota dos axentes conservadores necesarios. Unha vez estean enxoiatas, hai que efectuar unha revisión denantes de as gardar ou transformalas en preparados, pra podermos separar as partes defectuosas e mal enxoiatas por mor de que non dañen ás outras.

Logo gardaremos as follas, os esgallos, frores e demais partes da herba en frascos e caixas ben secas e a poder ser con pecho hermético. Hai que coidar de que non desprendan lentor, xa que habería que voltar a poñelas a enxugar de novo. Etiquetaremos os frascos e caixas onde as gardemos pra evitar confusión e poder localizalas en todo momento. As herbas ou partes delas balorecidas non sirven pra os fins que se persiguen.

Por outra banda, algunhas herbas empréganse frascas —véxase o caso do pirixilxa que no secado perden todo o seu sabor e propiedades.

Ambargantes, outras, despois do secado esmóense e esfaragullanse nun almofariz. Ese pó tomase a cullerañas pequenas, fundíndose na língua a modo; resultado deste contacto directo coas materias activas efectos moi sorprendentes.

Emporiso a maneira máis frecuente de empregar as herbas é facendo TISANAS (maceracións, infusións, e decocións). Mais destes preparados e doutros xa falaremos.

sementes, xa que é cando teñen maior acumulación de reservas Os TALOS gañan ao seren recollidos ao escomenzo do inverno, cando as follas remataron o seu periodo de actividade e xa non manda zumes á médula do talo. No caso das XEMAS seránno ao final do inverno ou escomenzo da primaveira, denantes de que os zumes da seiva vexetal reanuden a súa actividade de ascensión ao traverso do vexetal.

quente dende os 20º aos 40º C, non pasando destes pra non alterarnos os órgaos por cocimento. As raigañas, despois de ben lavadas, quitaráselles a pelícua que as cobre e cortaremos en rodaxas ou trozos.

Os consellos dados prás raigañas e raizames son válidos igualmente prás CODEAS, TALOS, e demais partes carnosas da pranta.

En canto ás FOLLAS e FRORES, pódense espallar sobor dun papel limpo ou ben penduralas dun fío, como se se tratase de roupa tendida, se son moi grandes. Nas frores somentes procederemos a enxugar o cáliz e a corola. Secarémolas cun papel limpo, colocándoas nun lugar escuro, pendurando as unidades froridas en grinaldas nun local ao ralente. Agunhas follas debido aos seus principios tornaranse dunha cor moura.

Os FROITOS requiren un secado ao forno, a modiño.

Ao momento de pleno desenrolo, cando a pranta está cuberta de gomos, mais denantes de que escomence a esforecer, débense colleitar as FOLLAS. No caso das FRORES, débense recoller denantes de que estean en plean foración e non tendo aínda escomenzado a fecundación.

Cando as partes dunha pranta son cornosos o mellor é facela nunha estufa

Non así as das vivaces leñosas que se espera deica a froitificación, cando acadou o seu desenrolo total. En canto ás bianuais, no outono ou ben no inverno do primeiro ano, xa que dempois non teñen na reserva os principios que as fan utilizables.

En canto aos BULBOS, débese facer no outono, inmediatamente despois da maduración das



CRÓNICA

BAROJIANA

ANARQUISTAS POR GALICIA TRAS MARTINEZ ANIDO

Na

sua triloxía novelesca "A seiva escura" composta por "A familia de Errostacho", "O cabo das tormentas" e "Os visionarios" narra Pío Baroja un curioso episodio de base histórica ocorrido en Galicia: a persecución do xeral Severino Martínez Anido, deposto gobernador militar de Barcelona, por parte de dous anarquistas armados dispostos a acabar con él.

Como é sabido, o xeral Severino Martínez Anido foi gobernador militar de Barcelona nos primeiros anos vinte, distinguíndose pola súa feroz represión do movemento obreiro e por unha brutalidade lendaria no cumprimento da súa tarefa. Na súa época naceu o pistolerismo da patronal, encuberto a través dos chamados Sindicatos Libres, que combatían sen descanso aos líderes e militantes obreiros, na súa maioría anarco-sindicalistas e vencellados ao daquela chamado Sindicato Unico. A sucesión de mortes por ambas bandas foi implacábel, debéndose contar entre elas a do gobernador civil de Barcelona Maestre Laborde, conde de Salvatierra, e a de Salvador Seguí famoso líder anarco-sindicalista alcumado en catalán o Nois del Sucre (o Mozo do Zucro). O principal colaborador de Martínez Anido foi o xeral Arlegui, xefe de policía de Barcelona. A novela "O cabo das tormentas" de Baroja está practicamente consagrada a reflexar esta etapa turbulenta e de violencia

desenfrenada, así como a narrar con absoluto desprecio e horror os incalificábeis crímenes atribuídos a Arlegui e Martínez Anido, auténticos moustros maléficos aos ollos de Baroja.

Non obstante, o que non todos saben do lendario xeral Martínez Anido é que era galego e, mais concretamente, lugués; pois era natural de Saviñao. De ali que cando foi distituido do seu cargo como gobernador militar de Barcelona por orden do enton Presidente do Consello de Ministros e líder del Partido Conservador Rafael Sanchez Guerra, viñera a refuxiarse a Galicia, fuxindo dunha implacábel persecución anarquista. Ese episodio foi recollido por Baroja en "O Cabo Das Tormentas", onde fala de dous anarquistas trasladados a Madrid co fin de matar ao Xeral, explicando ademais como fuxiu éste a Lugo e logo a Vigo:

"Todas as mañás os dous marchaban a estación do Mediodía a chegada dos trenes, como quen vai ao traballo, a ver si aparecía Martínez Anido para matalo.

Don Severiano non aparecía. Os anarquistas tiñan noticias de que saíra de Barcelona no tren como autoridade e de uniforme. Esperábano e non o encontraban. Nunha das saídas, ao chegar a unha das estacións de tránsito, Anido baixou e se disfrazou.

O presidente do Consello de entón, que fixo dimitir ao xeral, quitoulle a garda de policías que levaba. Os anarquistas non sabían este detalle. De sabelo houberan intentado matalo no tren.

Don Severiano, o bravo xeral, véndose só e sen protección algunha, tremaba de medo.

O home se escondeu e se disfrazou de aldeán. Púxose un traxe de pana, unha zamarra e unha pucha, e como o seu aspecto era tan

plebeio e tan vil, parecía un pailán.

Así disfrazado, e nun vagón de 3ª, chegou a Lugo, onde tiña parentes, por ser él natural da provincia.

De Lugo se dirixiu a Vigo. Aquí coñecía a un pescador da illa de Taralla. O pescador tiña unha chouza, e alí foi a agacharse o xeral e pasou varios meses.

Mentras tanto, os anarquistas seguían, dispostos a acabar con él. Aquel militar, tan valente cando iba escoltado por Policía e Guardia Civil, sen escolta, era un probe miserábel e cobarde.

Para aquel axexo constante dos anarquistas compria un valor, unha serenidade e un fanatismo incalculábeis, o "Mecánico" e o "Negre" estaban dispostos a todo polo placer de acabar co xeral. Odiábano, como a unha besta feroz e agardaban con ansiedade o momento de atravesalo a balazos, aínda que lles costara a vida".

Baroja sigue contando logo como os perseguidores foron á Coruña e tiveron que fuxir ao ser descubertos pola Policía, non engadindo máis deste episodio galego da busca de Martínez Anido.

Como se viu, Baroja chama aos anarquistas polos alcumes do "Mecánico" e do "Negre", pero na realidade poideran tratarse dalguns dos máis célebres dos futuros líderes da F.A.I.: por exemplo Ascaso ou Durruti. Tense dito que entre os perseguidores estaban estes dous fundadores da F.A.I. en 1.927, e que polo tanto serían moi novos cando buscaban ao xeral

Tampouco fala Baroja do episodio da busca acontecido en Santiago de Compostela onde —polo visto— os perseguidores se hospedaron na casa dun cenetista galego —cecais Fandiño— e iban a facer exercicios de tiro ao chamado

Bosque da Condese, por onde hoxe está o Hospital Xeral de Galicia, e que por enton estaba absolutamente deshabitado. Parece ser que despois da súa visita, a casa onde viviron fora arrodeada e rexistrada pola Policía ou Pola Guardia Civil, mostra que efectivamente estaba sobor da pista dos anarquistas. Vellos militantes da C.N.T. de Santiago de Compostela conservan memoria destes feitos, que aquí damos segun a versión do escultor Eiroa.

Fálase tamén de que o obreiro cenetista que hospedou en Santiago de Compostela recibiu tempo despois unha lacónica noticia dos anarquistas, decindo: "O Paxaro voou, pero caeu o Cardenal". Naturalmente, o paxaro que voara e que non poideron cazar era Martínez Anido e o Cardenal que caera fora o Arzobispo de Zaragoza —según Baroja moi vencellado á Patronal e ás forzas reaccionárias anti-obreiras—, abatido a balazos o 4 de Xunio de 1.927 cando se dirixía a unha posesión súa chamada El Termino.

Cabe engadir tamén que Baroja conta como o "Negre", un dos perseguidores, protexía a un neno orfo, fillo de un compañeiro caído, e que cando puido o enviou a un colexo de Francia, costeándolle

a instancia hastra a súa morte. Según o novelista, o "Negre" encargou a un cura que escribise ao rapaz cando él morrera, cousa que éste fixo decíndolle piadosamente que o seu protector fora unha persoa boa, caritativa e cristiana. Outra versión menos idealizadora que a de Baroja nos di que o rapaz foi enviado ao Colexo do Sacré-Coeur e que recibiu desde sempre unha pensión da organización anarquista á que pertencera o seu pai.

Finalmente, e para rematar esta instantánea barojiana de ubicación galega, cabe engadir unha frase da época lembrada por Anxel Fole, que mostra moi significativamente a imaxe publica de Martínez Anido. Polo visto, naquel tempo era o un hábito coloquial o pronunciar a frase "Fai un frío siveriano", aludindo ao extremado rigor do frío de Siberia, pois bñ, cecais querendo extremar mais esta dureza, diríase irónicamente, xogando coas palabras: "Fai un frío Siveriano Martínez Anido".

Mais pensando naqueles crudos invernos podemos chegar a pensar que os de agora veñen, cando menos, disfrazados de primavera.

F. E. R.



PESA DE LOS
NACIONALISTAS

Teño un especial interés polo que debeu suceder no primeiro tercio deste século en Galicia e redores. Penso que custions que hoxe aparecen como novedosas e mesmo inexplicábles atopan naquelas circunstancias a última claridade que explicaría logo o seu recorrente retorno. Naqueles anos progreso e estado ofrecíanse os galegos como "dernier cri" das modas europeas. Ambolos dous, vencellados na sociedade moderna, chegan tarde ás nosas paraxes como a primeira locomotora contan que chegou tarde a cidade de Ourense.

Nun dos limiares ás "Cousas da vida" de Castelao fálase de: "dibuxos feitos nos anos vinte (que) refleixan admirabelmente o penoso escepticismo dos nosos campesiños fronte as realidades e as apariencias políticas que estaban vixentes no país". Poida que o que é penoso para o autor do limiar sexa algo diferente pero prologado. En todo caso os dibuxos son un testemuño valiosísimo para achegáremos á visión que das leis e do estado tiñan aquelas xentes. Refresquémonos a memoria por se acaso:

—¿en qué estás cavilando Xan?
—Nos porcos e nas eleccións muller."

—¿E pra qué son os deputados?
—Eu non o sein meu fillo."

—Vive no mundo e non sabe que o mundo é redondo, depreza os periódicos e descoñece o nome dos ministros."

—Eu morro ¿sabes? E vouche dar un consello: fuxe dos que falan de democracia."

Sosteo contra o descoñecido prologuista que, fora de ser penosas para Castelao, estamos de diante de momentos lúcidos na percepción

dos feitos que por vez primeira a sociedade moderna tenta inserir no chan galego. Con todo pódese desviar o asunto... inculcando de tales comportamentos e actitudes valorativas por parte dos paisáns galegos ós pucheirazos, cacicadas... ou en xeral unha forma moi desvirtuada do que debería ser unha democracia, unha política limpa e un estado exemplar. Iso sería esquecer que máis aló da forma, a esencia de todo poder-estado baséase nalgo que collia moi difícilmente na testa e na practica dos nosos paisáns. Sosteo e esbozarei a hipótese de que estamos de diante dun fenómeno fondo e crucial; sendo así que enténdelo dun ou doutro xeito comportará xa na época relatada moi distintas actitudes.

Digo ben xa na época. E no propio Castelao que, identificando maxistralmente ese apoliticismo e potenciándoo nun comenzo, pasando o tempo —e non sin tensións— cederá o realismo dos novos tempos que non tardará en imporse. Diríase na "Nosa Terra": "... dende logo é

noxenta a política... pro hai que gañar tribunas nas municipáns". Ou cando o mesmo Castelao despois de terse identificado cos paisáns na súa valoración dos políticos, do estado, da lei e dos xueces reclama pra perfección de Galicia "... o goberno propio que toda sociedade humán necesita". Dando en suma razóns a favor dunha política honrada, para Galicia, que garantice a vida da nosa cultura para cumprirmos o noso destino histórico.

Este cambalache no mesmo Castelao fai pensar en que os seus xuicios corrosivos para os políticos habería que circunscribilos á súa primixénia liorta contra os liberais de Rianxo, e que a medida que a sociedade moderna abre novos e irreversibles camiños un novo posibilismo traviste a política facéndolle esquecer o seu pasado. Teño serias dúbidas sobor da coéncia evolutiva deste cambio e quero concordar con Blanco Amor en que "Castelao era un observador da política... máis non acreditaba moito nela. A súa actitude foi sempre suspicaz e coñona, cando non agresiva e sarcástica. Tivo de rapaz, leituras anarquistas". Esa dúbida non existirá nos galeguistas que entrarán de cheo na nova política do progreso. Aqueles reflexos negativos para o poder-estado tan ben reflexados por Castelao veranse condeados á súa desaparición, namentras se forza unha actitude positiva, respetuosa ou claudicante.

O realmente comenente chegados eiqui sería

centrar o porqué deses comportamentos contrários ó Estado e os seus complementos (diputados, leis...) se non aceptamos que sexan producidos por meros defectos de forma. Só esi poderemos interrelacionar os cambios económicos que se están a producir no noso país coas vellas e novas ideas que os homes cavilan. Segundo como o home vive así imaxina a súa vida. A ofensiva contra dos antigos modos de produción e intercambio xúnguese coa ofensiva contra a concepción autóctona da política que aqueles correspondía.

Non é nada arriscado sinalar que tales comportamentos teñen o seu caldo de cultivo no agro e non nas vilas e cidade. A Pardo Bazán fala esi dos labregos "¿Y a quién teme? A la ley: ¡Triste observación! A lo que se ha hecho para proteger, para amparar al hombre... para él es terrorífica la organización del Estado". Pola sua banda Otero Pedrayo di "tengo observado que el labrador lee con más gusto las noticias atrasadas... la influencia de los periódicos está en razón inversa de la actividad agrícola". O indício paréceme máis que suxerente: a vida no agro, a concreta organización da produción na terra configura que "... la raza gallega tiene un grandísimo desarrollo de la personalidad individual en todas sus formas".





Ese individualismo, a mesma renúncia a facer historia, mesmo o sentirse fora dela, ese temor á lei e ós Estados penso que veñen de vello e que se corresponden moi ben os rasgos que Marx sinala para o modo de produción xermánico "antre os xermanos... a comunidade aparece como unha reunión, non como unha unión. como acordos antre suxetos autónomos que son os propietarios da terra, non como unidade. POR ISO A COMUNIDADE NON EXISTE IN FACT COMO ESTADO, COMO ENTIDADE ESTATAL... na forma xermánica o labrego non é cidadano do Estado, é decir non é habitante da cidade senón co fundamento é a vivenda familiar autónoma, illada, garantizada ó traveso da sua asociación con outras vivendas familiares similares".

Deste xeito pode entenderse moi ben como a imposibilidade de conformar un terreo para o nacemento do Estado xenere coherentemente unha visión negativa da sua imposición.

O anterior non pasa de ser enunciado como mera intuición. No primeiro tércio do século un sistema social absolutamente diferente do que pasará a ser o seu predecesor desprega unha ofensiva centrada en destruír esa básica diferenza como pobo. No país estanse a producir moitos choques. Da man da sociedade moderna virá o progreso cos automóviles, a electricidade, os bancos. a primacia do

cámbio fronte ó uso... dacabalo dunhas novas relacións sociais que poñen en cuestión a vella imposibilidade e obsolescencia de formar un Estado. Só apuntaremos unha anomalía: o proceso non pode ser endógeno e tampouco vai selo o estado que governe Galicia. Pero isto non é unha novidade (tamén as monarquias eran estranxeiras) o importante agora é que pouco a pouco o país deberá plantexarse o problema do estado como necesario.

Retornemos o pensador individual máis revelador coa socioloxía. Daquel Castelao que se mofaba "se todos somos iguais... ¿porqué facedes eleccións?. Facede sorteos e xa está"; ó Castelao que xoga a ser electo non vai máis co choque interno que estaba a sufrir o país. Situado eiquí Castelao —o da Chacarita, non sínteses gregarias— estamos moi lonxe de atopar a un estatista convencido.

As palabras —pese a todo— están escritas:

"O seu concepto de nación (do nacionalismo galego) é un concepto histórico e non filosófico, da máis sensible realidade e independente do concepto de Estado. Unha nación pode ser tal sen autonomía de ningunha caste, sempre que o sentimento que a diferencia resulte inasimilable, sempre que se manteñan vivos os atributos que a caracterizan. Tanto é así que máis completa e integral autonomía, a mesma independencia política, non abundan para formar ou manter os caracteres dunha

nación. UN ESTADO PODE, INCLUSIVE, CAUSAR A DESNACIONALIZACION DUN PAIS".

Que a Castelao lle sobren razóns para afirmalo ten que ver co escrito máis atrás. Xa coñecía moi ben e entevia o que o estado moderno estaba a estragar nos cernes do noso país.

Hoxe o scalextrix é inmenso. Alguns conténtanse con deslindar o asunto cos calificativos de poder-estado español ou galego; mesmo se chega a separar nación-pátria de estado, sen poñer en claro cas nacións, as pátrias e os estados enguedéllanse irremisiblemente dende co home se ve

sometido a forzas alleas a sua vontade soberana. E a época dos teledirixidos e dos teledirixentes.

Habia algo máis no noso país que en boa hora imposibilitaba a nación-estado baseada nos cidadanos como célula elemental. Pode que xa diso quede ben pouco. Hoxe son demasiados os que pretendendo liberarnos da natureza e de estar fora da pista das carreiras sométese e sométemos a esa artificialidade presentada xa como natural e por suposto revolucionaria.

Hai unha certa idea de Galicia que non permite ser nin optimistas nin nacionalistas porque moita herba foi segada baixo os nosos pés e o xenocidio estase consumando mentras os torturados párecense xa demasiado ó torturador. ¿Os programas transitórios falan na derradeira liña aínda da utopia? Se é así xa están inventados os científicos da revolución.

—¿E pra qué son os deputados?

—Eu non o sei, meu fillo.





Sain case sen facer caso dos moitos saudos que o Bieito, á porta da súa casa, me daba para cada un dos membros da miña familia.


(Sain un pouco canso de estar con el).

E é que xa non sei que me dá cada vegada que hei de ir á súa casa; é como se non supese que vivo a máis de dous quilómetros, pois que sempre se me ten que liar con calquer conversa e en moi raras ocasións saio dali antes da média noite.

Para que se dese conta da hora que era non facia máis que abri-la boca, pero nen con esas, limitába-se a decirme, "parece que estás canso", e seguía coa súa conversa da que xa nen me lembro nen quero lembrar-me.

Para máis amolar, aquela noite había un nordés como un condenado, e en noites así non me gusta, que non está nada ben andar atravesado por eses camiños de El Señor, que as noites fanse máis escuras e ninguén sabe quen che pode aparecer detrás de calquer arredor....

Por aquilo de atallar un pouco —que a miña muller non está feita nen se quere acostumar a esperar-me deica tan tarde—, metin-me pola corredeira de Xestido, que anque toda ela é unha completa lameira, cando se sabe que a muller debe estar feita unha fera, calquer corredeira se converte nunha estrada de primeira con tal de que acorte o camiño .



Foi ao pouco de me adentrar na devandita corredoira cando de entre os arredores me pareceu ouvir como un murmúrio, coma unha voz que me semellou a de Andrés —quen por ali ten unha braña—, pero como aquelas non eran horas de que ningun cristiano andivese a pé —a non ser eu que pola culpa do boca rota do Bieito ese...—, decatei-me axiña da pantasmada; pois de noite xa se sabe que calquer ruidiño parece ter voz humana, e marchei coidando que non seria mais que o vento a asuviar por entre as silveiras.

Cavilando en como a muller estaria a ensaiar o repertorio da bronca pola miña tardanza seguin camiñando a grandes alancadas e facendo-me á idea do que me diría. Como non ia a ser a primeira vez e sempre me saía coa mesma bronca xa mo estaba imaxinando.

Diría-me que son a sua ruína, a sua disgracia, que en vez de casar conmigo casase con Antón o americano hoxe estaria rica e non pasaría esta vergoña que pasa pola miña culpa —todo porque bailou un día cón el cando aínda eran crios—. Diría-me que non lle quere decir nada aos seus pais porque daquela darían parte á Guárdia civil e entón seria unha vergoña, mais que para ela para os propiños dos fillos que non teñen culpa de teren o pai que lles cadrou.

Dende logo pensando-o ben, tanto como eu me desvivo por ela e ter agora que receber estes chafes. Xa é que son eu, que xa Deus me deu así de apoucado, que se chegara a ser outro... E bo é que non son o unéco que se queixa, que como un solteiro oía a Xurxo cando ten dúas copas de máis, xa non quere muller nen nabos que o fendan.

Cobertos os meus miolos con estes pensamentos, e lembrando ao mesmo tempo os laios que acababa de ouvir, xa estaba chegando ao valo da ponte vella, cando saltando por entre os arredores, veu-se a pór diante de min un cabalo



que, erguendo-se nas patas traseiras, se encabroxou e se puxo a relinchar, mentres eu, coa pucha na man, trataba de espanta-lo; cousa que axiña conseguin facendo que o animal se fose polas brañas do outro lado da corredoira.


Supuxen que seria o de Ramón, pois é o úneco daquela aldea que ten cabalo. A verdade é que non o vin ben, pois a pouca lua que habia andaba toda fuxidiza e como ás corredeiras por entre as nubes, e cando me quixen dar conta xa o cabalo desaparecera da miña vista.

Pero lembre-me dos laios que habia un pouco, e empeice-me a preocupar coidando que aquel cabalo, cicais asustado polas sombras da noite, tirou co seu amo —cuxas voces deberan ser as que ouvira—, e agora ceibo e asustadizo anda a asustar á xente.

Se non fose pola muller que debia estar feita unha hiena, daría volta por mirar de socorrer ao posible xinete que caieu do cabalo.

Despois deste xa non quero pensar o que sentia. Empecei-me a lembrar de toda-las desgrácias que eu coñecía e que tiñan algo que ver coa noite. Non podía sacar das mentes os perigos que teñen estas horas para quen ten que andar polos camiños.

Baixaba xa pola



Lomba cando sentada enriba do portal da eira de Rosende, que está cheo de puas para que os rapaces non lle suban a roubá-la fruta; había unha moza en coiro, tal como a sua nai a trouxo ao mundo, cunha perna por enriba da outra e fumando nunha boquilla moi longa, toda tranquila sen decatar-se de que eu pasaba ou se fixese que non me viu. E eu, que cheo de vergoña ante o percal non me atrevía a mirar para ela nen de esguello de reollo, crucei a estrada cara o porto, moi avergoñado polo que acababa de ver, coa cara botando-mo lume e coa vista cravada no chan, cando non sei de onde saíeu unha galiña toda alporizada que se me entrambilincou entre as pernas facendo que me sorprendera e a apartara dunha patada en pago ao susto que me dera. E entón, como se fose humana ríndose de min cunha forte gargallada dixo-me: "Conque eu asusteiche non?". E esfumouse cunha forte risada sen darme tempo a decir "esta boca é miña"; e até me pareceu como se unha rafaga de vento me batese na cara.

Cando cheguei á casa xa a muller, como me supoñía, me esperaba sentada cara á porta nunha das banquetas da cociña; e o primeiro que se le ocureu preguntarme foi donde viña a aquelas horas, entón contei-lle que viña da casa do Bieito e todo o que me pasara polo camiño, tal e como vo-lo contei a vós. E ela, lonxe de rexeitarme pola miña tardanza, compadeceuse de min decíndo-me que todo canto vira non fora ninguén máis que o diaño, quen pola noite, para asustar á xente, fai imaxes co vento.

FARRUCO O MECO



HERRERA DE LA MANCHA

Alá, polo ermo de Castela, o "SISTEMA", para afortalarse ergueu un bastión inexpugnable ao cal bautizou co resoante nome de "prisión de máxima seguridade". O sistema, sempre sábio e previsor, defensor a ultranza dos ses privilexios e vixiante da súa seguridade foi consciente sempre de que un pobo ben amordazado, é un pobo calado, por iso que millor que os ermos casteláns para acadar as voces militantes, os xemidos do home sufrinte, eses protestos acalados de quen se

defrenta coa opresión e segur a denunciara apesares de todo.

Alá, nese lugar da Mancha, ese lugar do que xamais esqueceremos o nome, ese alá, donde vimos e aonde ímos, é o que o sistema nos reserva aos que nos atrevemos a por en cuestión as "excelencias do tinglado", "tinglado" que non sistema para falar con propiedade chamando as cousas polo seu nome. Pero vexamos como, por e para que o "tinglado" instalou un centro experimental da represión no ermo

castelán por meio dunha das súas institucións máis aberrante, unha das institucións máis importantes dentro do conxunto que conforma o brazo executor do terrorismo de Estado.

Chegada a desaparición física do ditador que nos mergullara nunha das máis longas e terroríficas tebras da Historia, afloraron as barbaridades, corrupcións e contradicións dunhas institucións que só se tiñan en pé en virtude do totalitarismo; como é natural, as institucións de maior carácter represivo foron as máis afectadas e a penitenciaria á cabeza. As prisións rebeláronse e o preso encetou unha longa marcha, verquendo vidas e sangue co único obxecto de manifestar dalgun xeito toda a impotencia que levaba dentro, toda a tortura padecida e o sufrimento continuo que o estigmatizaba, discriminado unha vez máis ao non abrírense as portas das cadeas, finado xa o réxime franquista o decir dos demagogos. O preso creu ao demagogo, precisaba crelo por simple instinto de supervivencia e por conseguinte esixía unha liberdade que lle pertencía, non era, por outra banda, unha antelúquia coidar que finado o réximen e proclamada a democracia, o borrón e conta nova sería o paso conseguinte que eliminara calquer posible pegada provinte do período anterior;

unha vez máis e agora con estupor, o preso tuvo que ver como o afastaban do xogo, como se promulgaban tres amnistias para outros presos aos que se denominaba políticos e que de tan suculento pastel él só obtiña a ínfima frangulla tirada ao chan co máis olímpico desprécio, así, diante dunha nova e aldraxante opresión, os presos comezaron a subir aos tellados, incendiar as cadeas e amotináronse para patentar a súa revolta, correndo a mancheas por paredes e chans o sangue e a vida.

Se a institución era arcaica, feudal e denigrante nos métodos represivos con que se mantiñan, aínda o era

máis en canto á capacidade de reacción para afrontar a problemática que se encerraba tras unha revolta insospitada e virulenta en grado extremos, por iso sería obvio consignar que a diarrea mental que sempre caracterizou ao franquismo e aos seus sicários levounos a non "ceder" diante dunhas pretensións xustas, a non querer ver unha

alternativa humana e de dereito. Capearon o temporal mal que ben e para xustificarse do latrocinio que comenzaría decontado, intoxicaron os médicos de comunicación con información manipulada que reverte no desprestixio do preso e lle tirase o apoio popular á súa loita, apoio popular que comenzaba a resultar alarmante, que lle resultou doado contrarrestar ao acordo tácito de certa prensa, de aí que entón figurasen a toda plana as "sirlas", violacións nas cadeas i enfrentamentos, motíns que só o eran en función duns cantos presos que nada máis inicialo íanse ao economato ou á enfermería para apoderarse do viño e dos fármacos; motíns que sabemos con toda a seguridade foron argallados e dirixidos desde a D.G.I.P.; mentras, se masificaba o pensamento, se manipulaba a información, se creaban psicosis de inseguridades cidadanas, etc.etc., argallábase ao mesmo tempo a grande vinganza e "Herrera de la Mancha" construíase atrote, un método estórdigo máis eficaz de isolarnos en todos os terrenos, de eliminarnos, ao tempo que se fabricaba a imaxen democrática en grande fachenda de cinismo. Como sempre privaron uns intereses dunha burquesía ameazada nos seus intereses para pasar a dar renda solta con grande desvergonza ao instinto brután e despidado do home, e non congreso compúxose a porta pechada a "solución definitiva" que puxese couro á revolta duns pobres párias de merda que estaban pondo nun apreto ao poder establecido. Calquer cousa antes que por en evidencia á Sacrosanta Institución, non importaba o preço, e non houbo reparos para

aprobar uns presupostos de dúcias de miles de millóns, socavando unha vez máis o azoutado erário público dun pobo con case 2 millóns de parados, pobo que por outra banda asiste impasible ao levantamento de centros experimentais de represión, no millor estilo Hitleriano, por todo o Estado, dotados coas máquinas e métodos máis sofisticados para destruír ao home, sistema de destrución que costa ás arcas do Estado 6 millóns de pts. anuais por preso, por exemplo en "Herrera de la Mancha" mentres parte deste pobo coñece a fame física.

"Herrera de la Mancha" naceu nesta coiuntura, cando estábamos os presos amolados, os criminalizados con vigor de programadora, morrendo a boreas nos celulares de Burgos, Pto. de Sta. Maria, Ocaña, Saria, Zamora,


5 Galería de Modelo ou Rotonda de Carabanchel, a Garcia Valdés resultáballe doado declarar publicamente que sabia construír cadeas para feras e que de ser preciso faría ata "campos de concentración" naquel intre podíanse decir esas cousas e moito máis; así llo aseguraba a súa confianza de que no ermo se afogarian os berros de dor e o espectáculo dantesco que acontecía de paredes dentro non tería transcendencia perante unha opinión ben intoxicada con prioridade. O seu derrubamento foi estrondoso a pesares de que como bon sicário serviu ao poder burgués ata o fin, de pouco lle serviu a demagoxia que ata entón usara, o fariseísmo, a piratería política na cal era tan docto, e para

que isto sucedese só foi preciso que un grupo de profesionais do Dereito levaran a sua indignación ata o "Juzgado de Guardia" e non se amedroñasen perante as manifestas obstrucións á Xusticia que os seus mesmos representantes lle puñan; está claro dabondo, non obstante, que apesares de todo o Poder así como encúmia aos seus lacaios, replázaos sen dificultade e non lle resulta nada difícil promocionar a outros lacaios que continuen o labor, neste caso asesorados polos tristemente célebres Emilio Tovosa, Gonzalo López González alias "o Verdugo e outros arrivistas de mazmorra".



para

que decir que en Herrera se morre e ao derradeiro berro da técnica represiva, ou da tortura profesional, é ben sabido de todos, polo sumário que a tal efecto se abriu no xuzgado de Manzanares contra das cadeas torturadoras, os métodos denigrantes e canallas que se usaron e que aínda se seguen a usar nalguns casos en contra do preso.



Certamente a represión menguou un pouco, isto é, non se tortura coa intensidade dos primeiros 14 meses, mais séguese torturando. A simple estância en Herrera de la

Mancha é torturante, e se ben non che mandan desfilar militarmente ao son de "el cara al Sol" ou ficar crucificado de pé ao fondo da cela, sí e certo que se seguiu a dar malleiras polo simple feito de non perder a tónica, e, claro, deciamos que a represión menguara é tanto referíndonos á forma e á desaparición de certos modos de asoballamento; por exemplo, hoxe xa non sucede que o tristemente célebre "Jefe de Servicios Barroso" grave en cinta magnetofónica as malleiras que se propinan para que logo as escoiten os presos: hoxe non che güellan ao pene ao ingreso como lle sucedeu ao preso catalán Sánchez Pastor, nin entran na tua cela ás 3 da mañán decindo que soou a alarma na fiestra e levas polo tanto unha grande malleira (folga decir que non existe semellante alarma e que isto lle aconteceu ao preso galego Penido Penido, o carcelero, un dos procesados, D. Angel, alias "el Angelillo", o recluso Penido Penido ficou xordo a raíz destas tundas.



para

que decir que en H. de M. os intentos de suicidio danse a miúdo e as múltiples folgas de fame comenzadas polo preso son acabadas a toda costa. Recentemente na cadea de Málaga apareceu "suicidado" Hurtado que xa o previra antes de saír de H. de M., Vicente Figarita Real un dos denunciante polas torturas e malos tratos que deron lugar ao 5º instruído, tente suicidarse, aínda non fai un mes debido ás duras condicións de vida que

lle dan no terrorífico Modulo I, Cornejo Sánchez encetou unha folga de fame a morte polo trato recibido. Carmelo Silva Ortega porque non lle deixou comunicar cun familiar; Oscar Velo González porque o encerran sen motivo algún, e así ata un longo etc.... A

situación neste centro de extermínio é insostible e (a corto prazo) de aquí a pouco os resultados aflorarán cando as consecuencias sexan inevitables e irreversibles, na actualidade médicase un 80 por cen dos presos alí confinados, que entre etarras, grapos, anarquistas e comúns non chegan a un cento, e podemos afirmar sen medo a trabucarnos que é case imposible a recuperación dunha persoa tanto na orden física como psíquica cando despois dun período de "recuperación" e "rehabilitación" ao preso o devolven a outra cadea. Toda H. é violencia, locura, sufrimentos e sadismo; desde que ingresa

comenza o "tratamento", unhas óstias de terapéutica inicial para facerche ver que estás en H. de la Mancha seguindo cun proceso que ten como obxectivo a despersonalización total do individuo, proceso que persegue primordialmente o asoballamento total, todo moi calculado, desde que te ispen por completo (facer flexións e levantar o cú para comprobar se traes algo no ano) en presenza de seis ou sete carceleros, ata que che poñen un mono e che encerran nunha cela que máis ben se semella a unha gaiola, esas gaiolas de seguridade para feras que se puxeron en vigor mentres se aprobaba



a HUMANA, PROGRESISTA e LIBERAL, reforma penitenciaria levado a termo por Garcia Valdés e que era aprobada no Congreso con colofón cun atoador aplauso, declaracións demagóxicas de todo tipo de ceremonias trunfalista as que tan acostumados estamos: traxicomicamente os que votaron as leis que fixeron posible H., os representantes do pobo, formaban unha

comisión de investigadora sobre torturas e malos tratos neste centro de extermínio.

A teor do dito polos torturadores de "PERRERA DE LA MANCHA": AQUI NO SE CASTIGA, AQUI SE CORRIGE", coñécese que a corrección estriba niso, na TORTURA.



on

mirarles á cara, ou ao chan, ou ao teito (o torturador non quer que o coñezan), as mans en posición de crucificado cada vez que abren a porta. Decir, sí, señor funcionario, a todo, porse con dous dedos apoiados na parede e as pernas abertas ao entrar ou saír da gaiola, non mirar pola fiestra (para que as farian) pararse diante de cada porta e pegado á parede, mans atrás mirando ao chan cando te levan ao pátio a pasear uns minutos sen poder falar con ninguén, gardar unha distancia de 15 mts. con respecto ao compañeiro que pasea diante, non abaixarse, non meter as mans no peto, non rirse e non chorar porque podes estar tolo e facerte acreedor dunha ración máis de óstias no 2º caso, como ten acontecido a algúns compañeiros que impotentes e indefensos verquían bágoas de desesperación.

O coñecido torturador, carcelero Campos, embafábase ao ver bágoas e



arremetia aínda con máis pulo, exclamando, mamona, chivato, cadela, non chores que isto é unha cadea para Homes!, algún día preguntáremoslle ao Campos que entende él por "homes".

Despois de engaiolarte, cun mono podre e fedento por toda vestimenta, despois do reloxe para que non podas controlar o tempo, sen cigariños ou obxectos caisquera que sexan, o caso continua inexorable, dramático, aldraxante, vergonzoso, traumático e canallo, nada queda ao azar, se ter a sorte de que che den a correspondencia que podas ter de familiares en 1º grado, unicamente esta ten de ser censurada (o sistema par ao seu bõ funcionamento debe coñecer a fondo aos seus "destinados" para millor poder destruílos). O silencio é total, para entrar nada máis absoluta, parede, silencio, así poderás recapacitar, reflexionar, sobre a consecuencia e xusteza do castigo do que es acredor por defrontarte dalgún xeito ao sistema imposto polos "cabaleiros da orden".

Aos

locutorios, atopas á persoa querida á outra banda do cristal, xa non sabes nin que

decirle, en vez de falarlle péchaste máis no mundo interior que te fostes formando para sobrevivir é cando vez con maior claridade que estás esnaquizado, que te tronzaron, que só o ódio che mantén, o ódio que gardas no teu interior e que se mistura cunha mágoa moi grande, cunha impotencia feroz pénsalo todo e velo todo nesas intres, mais sen poder manifestalo, i é que ves a locura, o suicidio, a triple pena de prisión a que están condenado: falta de liberdade, falta de razón e falta de dereito, que para algo din que "LA PERRERA" á unha cadea de presos especiais.

En

resumo, a abominable situación que sufren os presos de H. de M. non pode

transcribirse nunhas cuartelas, nin tampouco se pode xustificar coa perigosidade atribuíble a quen alí ingresa, moito máis perigosos son os "Tejeros" e os "asociales" que buligan por aí, que hai moitos, por non facer mencións aos que nos dixeron coa trapallada da Constitución que as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán guiadas cara a redución e reinserción aliás de que o preso ten acceso á cultura e ao desenrolo integral da súa personalidade (cap. II, sección 1ª Art. 25-2 da Constitución) ou que todos temos dereito a expor i espallar libremente os

pensamentos, ideas e opinións mediante a palabra, o escrito ou calquer outro medio de reprodución (Art. 20a, do mesmo cap. e sección). Herrera é un atentado flagrante e total contra a Constitución e contra a Declaración Universal dos Dereitos dos Homes, por iso cremos que as consecuencias funestas que do terror que alí se exerce só deben ser atribuídas aos verdugos e nunca ás vítimas.

...E Herrera estanse construindo moitos, porque ben vemos como o Estado comenza (segue) a ser unha grande H. de la Mancha. Para entón levaremosvos unha grande ventaxa: que ou xa non estaremos... ou que xa estaremos acostumbrados.


MANUEL PEREZ
MAHIA

Logo de 3 anos e meio de sufrir penalidades polos penais máis antihumanos do Estado español, logo de 16 instancias á Audiencia da Cruña expondo a súa constante indefensión e chamando a atención sobre da súa non participación nos sucesos que se lle imputaban e logo de múltiples autolesións e suspensións de xuício, o 14 de xunio celébrase o xuício polo sumário 49/77 donde M.P. Mahia é declarado Absolto dos feitos que se lle imputan, restándolle outro xuício polo sumário 1/78.



COCCINA

NATURAL



odos

nós temos visto e fomos obxeto das moléstias producidas polas ortigas, mais cicais non todos saibamos que é comestible e de alto valor nutritivo. O feito de reivindicarmos nesta páxina á ortiga quere significar que igual que hai enerxias alternativas, viaxes alternativas, vida alternativa, hai amais unha alimentación alternativa: barata, sabrosa e alimenticia.

A ortiga no noso país, ten outros nomes: Herba do cego, estrugas...

Hai que traballar no espallamento da idea do consumo de produtos naturais alguns deles abundantes en todos os lugares e de crecemento espontáneo: espinardas silvestres, fiunchos... e como non, a ortiga.

Ten grandes propiedades medicinais: depurativa, diurética, antihemorráxica, antidiarreica e fai medrar o leite das mulleres que están amantando.

Amáis de valores médicos ten valores nutritivos: rica en ferro máis que as espinardas, abundante en vC, vA e K e sales minerais.

Deberase apañar ás 1ª horas da mañán, cando o sol non estexa moi alto. Pódese facer con luvas para maior seguranza, anque tamén é certo que collendo as follas de abaixo para riba non pican ou mantendo os folgos no intre de collelas.

Deberanse coller só as follas máis novas, o carapuxiño de arriba.



Para cociñalas sin perigo de ortigarse o mellor é deixalas 12 horas e despois pódense

manexar sin medo. Débense lavar moi ben como calisquer outra verdura e mellor deixalas un anaquiño en auga con vinagre ou limón.

Agora imos pasar ao cociñado:

SOPA: Bótanse as ortigas en pouca auga e sal. Cócense uns 30 minutos con allos esmagados, cebola picadiña, arroz integral (posto a mollo o día anterior) e algo de manteiga ou aceche. Mellor é que ao botalas na ola vaian algo cortadiñas.

PURE: Cócense con algunha pataca de Xinzo e unha vez cocidas pásase todo polo pasapuré. Botáselle un

bocadiño de manteiga.

TORTILLA: Logo de cocidas, córtanse e reméxense cuns ovos. Faise coma calisquer outra tortilla, volta e volta.

ENSALADA: Lábanse ben e déixanse un cacho con auga de limón para que boten de fora toda a terra. Só as follas máis novas deben de ser utilizadas. Pódese facer co que se queira: tomate, allo, cebola, aceitunas, cenouras, escarola, arroz. Hai que ter en conta que en ensalada non son tan suaves como as leitugas.

Xa rematei as recetas culinarias, agora, quixérvos decir que para tipo de alimentación o primeiro que hai que facer e tirar do lombo todo tipo de prexuícios, pois todos neste terreo témolos dabondo. Xa me falaredes ou escribiredes coas vosas esperencias neste campo. Eu dende aquí vos digo que fican suaviñas e non pican nada, nada, nada logo de cociñadas.

MARIA BALTEIRA

